REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº96|Ano 2011

NAVEGANDO CON FORZA

Dez anos de codigocero.com

Compatibilidade garantida

Blu:sens anuncia novidades o seu web:tv

Intermax a por todas

Esvaecendo a fenda dixital

Cursos de Política Lingüística

Máis galego na administración pola vía das TIC

PLAN DE BANDA LARGA: 321.000 internatura máis

www.blusens.com

BLU:SENS
LA GRAN MARCA ESPAÑOLA DE TECNOLOGÍA

BLU:SENS WEB TV
VIVO y LIBRE!

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 96
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Que unha páxina web leve dez anos en activo ten o seu mérito, aínda que sexa pequeno, e máis tendo en conta o moito que cambia todo en Internet, que non hai parte do tempo fiábel ao cen por cen e que o que hoxe vale, mañá xa veremos. Pero sen dúbida o que ten máis mérito é o feito de que os mesmos que puxeron en marcha esta web, e falamos da páxina www.codigocero.com (por se alguén non se decatou), sigan xuntos á fronte do proxecto logo de tanto tempo, e con todo o que iso implica de coordinación do traballo, diferentes puntos de vista e trastes botados á cabeza (algún que outro). Porén, seguimos aquí, e nada hai que indique que o vehículo se vaia deter, nin a curto, nin a medio nin a longo prazo. Con motivo de todas estas cousas, decidimos facer un número especial, coincidindo co décimo aniversario da web de Código Cero e, tamén, con estas datas de verán en que semella que todo loce máis. Non quixemos facelo sós, por iso tratamos de convocar a algúns dos nosos colaboradores habituais para que nos fixeran chegar o seu punto de vista sobre esta década de TICs na Rede e en galego. E fixérono, e todos eles con espírito crítico, que tamén é de agradecer, xa que somos conscientes de que codigocero.com ten eivas e defectos, e cremos que pode ser posíbel ir superando algúns deles. Tendes as súas opinións ao respecto, consellos que se poden extrapolar a todo o mundo que teña unha web, nas páxinas do interior. Páxinas que por certo reservamos, porque tamén está ben ter de vez en cando un pouco de protagonismo, a felicitarnos por esta andaina e, sobre todo, a felicitarvos a todas e todos, as lectoras e os lectores, por ternos apoiado tanto.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 96

SINATURA CONVIDADA

4 Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización felicita a Código Cero polos dez anos da súa web

NOVAS

5 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas TIC

REPORTAXES

8 Inaugurada oficialmente a Cidade Tecnolóxica de Vigo, CITEXVI
9 Política Lingüística presenta dous cursos en liña para mellorar a capacitación de galego entre os traballadores das nosas administracións
10 A Secretaría Xeral de Modernización ofrece un completo balance do acadado a a través do Plan de Banda Larga
13 A empresa galega Blu:sens mellora e optimiza o seu web:tv

14 Intermax amosa en detalle a súa proposta para levar a Rede a 300.000 galegos do rural
17 Presentada oficialmente a nova páxina web da CRTVG
18 O alumnado do Master en Consultoría de Software Libre da Universidade de Vigo presenta os seus plans de negocio
25 A asociación Ineo dános conta da innovación das súas empresas os eidos da saúde e a calidade
26 Wuaki. TV: Novos camiños para o cinema de aluguer
27 Presentada a ferramenta de xeolocalización de Páxinas Galegas
28 Own the Way: en marcha un novo portal-comunidade sobre audioguías turísticas

29 HP presenta novos produtos para mellorar o rendemento das compañías
30 Innovación galega: repasamos o máis salientábel do mes
32 A cultura galega segue a pisar firme na Rede: van uns cantos exemplos
34 Ayco e Pellejero amosan os resultados da súa experiencia TIC no transporte

GADGETS

35 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

37 Repasamos o máis salientábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

CÓDIGO CERO: TESTEMUÑA DE DEZ ANOS DE TRANSFORMACIÓNS

MAR PEREIRA,

SECRETARIA XERAL DE MODERNIZACIÓN DA XUNTA, FELICÍTANOS POLO DÉCIMO ANIVERSARIO DA NOSA WEB

Nos últimos dez anos moitas cousas cambiaron na sociedade galega, boa parte delas debidas aos avances tecnolóxicos que nos mergullaron nun mundo de comunicacións instantáneas e nunha comunidade global. Isto, que hoxe é unha realidade, era case unha entelequia no 2001, ano no que se estreou na Rede o portal de Código Cero, facendo unha firme aposta por informar sobre un ámbito que interesaba a un público moi reducido. Por iso o mérito é maior e, sobre todo, cando facemos balance e comprobamos que Código Cero conseguiu non só permanecer no tempo senón trasladarse tamén ao papel, crecer e incrementar o seu público obxectivo.

Hoxe son case 3.000 os subscritores do boletín electrónico deste portal, o quinto no ranking dos medios galegos en Internet e o primeiro escrito en galego. Cifras que poñen de manifesto o crecemento do interese do público por estar ao día de temas que xa non son tan específicos porque a tecnoloxía repercute nas nosas vidas para melloralas. Hai dez anos non se falaba de receita electrónica, de eAdministración, de contratar un servizo de Internet no fogar ou de aulas dixitais. Son melloras froito dunha evolución da que viu informando ao longo desta década Código Cero.

Como Administración nos corresponde poñer os medios para que Galicia ocupe o lugar que nos corresponde na sociedade de información e o estamos a facer a través dunha estratexia tecnolóxica global que abrangue tanto a implantación de novas redes de telecomunicacións como a dinamización do uso das tecnoloxías entre a sociedade. E neste proceso xoga tamén un papel importante o labor de difusión mediática que nos permite achegar unha información moi específica a todo o mundo. Os meus parabéns ao equipo de Código Cero polo seu bo traballo informativo neste anos, un labor que lle permitiu permanecer como a única publicación tecnolóxica de Galicia e que avalan unha media de 200.000 visitas ao mes.

Aprobada a creación da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia

O Consello da Xunta aprobou o Plan de posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) co obxectivo de consolidar un modelo de xestión integrado das TIC na Administración autonómica. A creación da Axencia permitirá unha maior eficiencia e unha redución de gasto ao integrar os servizos tecnolóxicos dos distintos departamentos da Xunta baixo unha mesma dirección.

Un total de 558 profesionais da escala de tecnoloxías da información que desempeñan as súas funcións nos distintos departamentos da Xunta traballarán nun proxecto tecnolóxico único baixo a dirección da Axencia, que tamén xestionará o orzamento global tecnolóxico da Administración galega.

A estrutura organizativa da área tecnolóxica da Administración autonómica quedará notablemente reorganizada e simplificada. Suporá ademais unha reestruturación organizativa e unha consolidación das infraestruturas que xerará un aforro de espazo que poderá acadar ata un 40%. Isto eliminará dispersión actual do persoal TIC situado en 86 localizacións distintas.

Deste xeito nun prazo de tres anos prevese unha redución de entre un 25 e un 30% nos custos de mantemento, adquisición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas. Ademais, a Axencia xerará unha redución de gasto en estrutura de persoal de ata un 23% ao final da lexislatura.

http://imit.xunta.es/

O CPEIG presenta un novo premio para recoñecer o labor dos comunicadores de informática

Non abonda con ter un sector TIC con amplo potencial e uns profesionais perfectamente capacitados. Tanto eles mesmos como sobre todo os comunicadores e os xornalistas especializados teñen que saber dar conta dese potencial, que non fique ren no tinteiro e que a mensaxe chegue á maior cantidade de xente posíbel. Recoñecer este labor é o gran obxectivo do Premio Comunicación Informática que vén de convocar por vez primeira o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG). O certame, que xa está aberto á presentación de candidaturas, fallarase o vindeiro mes de outubro, estando prevista a entrega do galardón no decurso da Terceira Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia.

Como dixemos, o gran obxectivo do CPEIG ao convocar este recoñecemento é salientar o labor dos profesionais dos medios con difusión na nosa terra a prol do coñecemento do sector TIC e, tamén, da profesión de Enxeñaría en Informática. As propostas aspirantes ao premio deberán vir con feitura de traballo ou de conxunto de traballos nos que se plasme o devandito valor divulgativo. Poderanse achegar artigos ou reportaxes publicados tanto en prensa escrita como dixital, en medios radiofónicos ou televisivos.

O prazo de presentación remata o vindeiro 15 de setembro.

http://www.cpeig.org

Axega e R crearán unha canle de televisión interactiva sobre emerxencias e protección cidadá

O Executivo autonómico vén de aprobar o proxecto de acordo que autoriza a sinatura dun acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e a compañía de telecomunicacións R para a posta en marcha dunha canle de televisión dixital con servizos interactivos en materia de emerxencias e protección cidadá en Galicia co fin de que a poboación conte cun referente ao que acudir para informarse de calquera emerxencia que aconteza na nosa comunidade. Os contidos ofrecidos na aplicación de televisión interactiva que terá por nome 112.TV consistirán en información sobre situacións de emerxencia e avisos masivos á poboación como fenómenos meteorolóxicos adversos, emerxencias extraordinarias ou a activación de Plans de Emerxencias e Protección Civil.

http://www.112galicia.org/

Os hostaleiros de Compostela organizan un concurso de microrrelatos a través de Facebook

O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, e o director de comunicación e marketing de Asociación Hostalería Compostela, Aser Álvarez, presentaron as bases dun orixinal concurso de microrrelatos a través das redes sociais, concretamente de Facebook, que xorde co gallo do oitavo centenario da catedral de Santiago.

As dúas entidades promoven esta iniciativa ao abeiro do convenio de colaboración que subscriben actualmente para promover o fomento da lingua galega a través do sector hostaleiro. Con este fin, así como co de contribuír á conmemoración dos 800 anos da catedral, ponse en marcha a través de Facebook o concurso MICROCompH!ostalería. 800 Anos en 800 Carácteres.

Para participar no certame, cómpre unirse ao grupo do concurso en Facebook. Os textos deberán estar redactados en galego e será indispensable que non superen os 800 carácteres. O prazo de presentación dos relatos remata o día 31 de outubro de 2011.

Os dez microrrelatos máis votados pasarán á fase final do concurso, na que o xurado designará os tres gañadores e o premio especial para o mellor relato de temática gastronómica. Os gañadores comunicaranse antes do día 15 de novembro. Os traballos premiados serán publicados na revista CompHostelería, así como nos medios de comunicación colaboradores no concurso, que tamén divulgarán os textos máis votados. No certame tamén colaboran o Consello da Cultura Galega, o Museo da Catedral de Santiago, o Mercado de Abastos de Santiago, o Concello de Santiago e o Consorcio de Santiago.

http://www.facebook.com/pages/CompHostaleria/

Turgalicia estrea blog para mellorar a súa presenza na web social

A Consellería de Cultura e Turismo, a través de Turgalicia, publicou na Internet un blog co obxectivo de ampliar a súa presenza na web 2.0 para resolver de xeito máis eficaz as demandas de información e comunicación sobre o turismo de Galicia na Rede.

No novo blog, turgalicia.es/blog, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia creou varias categorías nas que se inclúen artigos e imaxes dos recursos e produtos turísticos máis salientables de Galicia, nos idiomas galegos, castelán e inglés.

O novo servizo de comunicación virtual do Turismo de Galicia estrutúrase en, principio, en oito categorías relacionadas co Turismo de Saúde, os espazos naturais, as festas de interese turístico, os museos, as praias, as rutas do viño e o sendeirismo.

O blog de Turgalicia permite tamén a subscrición vía RSS, inclúe unha nube de etiquetas e recomenda outros sitios web relacionados co Turismo galego.

http://www.turgalicia.es/blog/

EGANET suma 5 novos socios no último trimestre

A Asociación de Empresas Galegas Adicadas á Internet e ás Novas Tecnoloxías (EGANET) continúa a incrementar o seu número de socios, adheríndose á mesma 5 empresas no último trimestre, que amosan así o interese das empresa en reforzar e unirse ao traballo que se está a desenvolver dende a Asociación.

As novas integrantes de EGANET serían:

Explica Ingenieros: empresa viguesa de servizos que axuden ás empresas a comercializar produtos de software avanzado, a prestar servizos tecnolóxicos e a vender, fabricar e distribuír a tecnoloxía de consumo máis avanzada.

PéZcalo: páxina web de venda de artigos de pesca deportiva que busca converterse nun referente no mercado.

Redegal: empresa de desenvolvemento informático, que centra a súa actividade no Software Libre, complementado con iniciativas FLOSS.

AGALIP: a Asociación Galega de Información Profesional é unha empresa compostelá especializada en consultoría e comunicación, e desenvolve contidos, estratexias de comunicación, e estudos de mercado.

Galebook: empresa de servizos lingüísticos no ámbito dixital nacida no seo da Universidade da Coruña.

http://www.eganet.org/

Nova páxina web para os comerciantes galegos

O conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerre, presentou o Portal do Comerciante Galego, unha aplicación web pioneira en Galicia destinada a fomentar a competitividade do comercio de proximidade, ao abeiro do Plan Ágora-Agora Recomercia.

O Portal pon ao dispor do comerciante diferentes cuestionarios de autoavaliación, de cara a facer unha análise do seu perfil empresarial, identificando os puntos fortes do negocio e aqueles que requiren da implantación de estratexias destinadas á mellora do seu potencial como emprendedor, á hora de afrontar a creación dun establecemento ou desenvolver a súa actividade.

http://portaldocomerciante.xunta.es/

A LaconNetwork viaxará a Mugardos no mes de xullo

Fieis á tradición mensual que xunta aos «albaneis da nube, emprendedores, Internet e Cloud Computing» a LaconNetwork anuncia a súa edición do mes de xullo, que desta volta terá lugar en Ferrol-Mugardos, cunha proposta que destaca fronte á meirande parte dos encontros deste tipo por unha orientación máis lúdica do habitual, xa que aparte do momento gástrico habitual acompañarase a celebración cunha viaxe en lancha.

Deste xeito, o vindeiro 29 de xullo ás 14:00 horas comezará a 19ª edición da LaconNetwork no Peirao de Curuxeiras no Porto de Ferrol, onde collerase a lancha de Mugardos para chegar ao Restaurante La Isla no que terá lugar o encontro de profesionais do sector TIC galego, e que rematará cun paseo turístico pola ría.

http://www.laconnetwork.com/

O BlackBerry PlayBook incorpora soporte de galego

Semella que o tablet de RIM está a ser un grande fracaso, non só comercialmente, senón tamén no que ao seu sistema operativo se refire, que está a amosar moitas carencias que forzan á publicación de actualizacións constantes, que por outra banda incorporan outras prestacións pouco habituais e que serían de agradecer noutros trebellos, coma o maior soporte de linguas. Así chega a actualización a BlackBerry Tablet OS 1.0.7, que incorpora melloras como a posibilidade de gravar documentos adxuntos na memoria interna do dispositivo ou nunha tarxeta SD na aplicación BlackBerry Bridge, que tamén incorpora soporte de adxuntos en ZIP. A actualización tamén incorpora o soporte do modo vertical na aplicación de imaxes e a posibilidade de facer zoom cos dedos na aplicación de vídeo, aínda que o máis relevante de todo para nós que é adaptaron a súa interface a 15 novas linguas, entre as que figura o ruso, o romanés, o turco, o sueco, o portugués (de Portugal e de Brasil), o polaco, o noruegués, o indonesio, o húngaro, o danés, o checo, o catalán, o vasco e o galego.

Esta actualización pode descargarse de balde, e supón un paso máis de RIM e acadar a estabilidade dos seus tablets.

Formación de primeira

Novacaixagalicia presenta unha nova edición do seu Máster SAP en Xestión Integrada da Empresa

A Escola de Negocios de **Novacaixagalicia** organiza un ano máis o Máster SAP en Xestión Integrada da Empresa. A actividade formativa, que vai pola súa edición número quince, céntrase nos diferentes recursos da consultoría SAP, unha metodoloxía de traballo con base tecnolóxica considerada unha garantía de ter unha carreira profesional rápida e ben remunerada. Asemade, informa a Escola, estamos a falar duns coñecementos moi demandados dentro dos diferentes sectores, cousa que se demostra co seguinte dato: durante as edicións do *máster*, case todo o alumnado do programa en situación de busca de emprego puído incorporarse con éxito ao mercado laboral. As claves disto son a crecente demanda de profesionais con formación SAP e a calidade formativa do programa. Para garantir o éxito do mesmo, a Escola desenvólveo con metodoloxía SAP e impárteo con profesorado de Tecnocom, unha das máis punteiras compañías españolas do sector das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Este ano impártense dúas academias:

1. **Netweaver.** De carácter técnico e recomendada a alumnos de Informática ou con experiencia de abondo en temas de consultoría tecnolóxica. É primeira das academias e desenvólvese de outubro a xaneiro.
2. **Finanzas.** Máis funcional cá anterior. Nela teñen cabida alumnos de tódalas titulacións. Celébrase de febreiro a maio.

Entre outras cousas, o *máster* achega os coñecementos teóricos precisos para superar o exame de Certificación como Consultor SAP e prepara para a participación en proxectos de implantación e administración destas ferramentas en empresas a través dunha visión práctica e real das mesmas. Para acadalo, a Escola pon a disposición do alumnado un plan de ensinanza homologado por SAP Formación España, con materiais oficiais e cun profesorado de primeiro nivel, constituído por profesionais á fronte de proxectos de implantación deste sistema en eidos reais de traballo.

Que é SAP?

Para quen queira afondar en máis detalles sobre esta metodoloxía, dicir que vén da man da empresa do mesmo nome, arestora líder en software empresarial en todo o mundo con máis de 50.000 clientes en 120 países. O miolo da ferramenta é unha serie de sistemas de xestión que permiten mellorar no seo dunha empresa as relacións cos clientes e a colaboración cos socios, amais de fomentar a eficacia no negocio. Sobre a dita multinacional, dicir que ten subsidiarias en máis de 50 países e cotiza en diferentes índices da Bolsa (incluíndo a Bolsa de Frankfurt e a de Nova York). Estas solucións que pon en xogo a empresa forman parte dos ERPs ou Sistemas Integrados de Xestión. Segundo informa a Escola de Negocios, a empresa que teña un sistema integrado poderá obter información salientábel de tódolos departamentos da compañía dun xeito rápido e homoxéneo, o que lle achegará a posibilidade de tomar decisións eficaces.

Programa

Para acadar os devanditos obxectivos, o programa artéllase nos seguintes puntos:

· Academia Xeral SAP Solution Academy.
· Academia de Especialización

En marcha a Cidade Tecnolóxica de Vigo

A nosa terra xa conta dende o luns 18 de xullo, oficialmente, cun novo complexo destinado a establecer, pola canle da innovación, un novo e frutífero punto de contacto entre as empresas e o ámbito científico-tecnolóxico universitario. Estamos a falar de CITEXVI, a Cidade Tecnolóxica de Vigo (www.citexvi.es), cuxo edificio foi inaugurado na devandita xornada por diversos persoeiros da vida política, educativa e empresarial galega e estatal, entre os que se contan o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo e a ministra de Ciencia e Innovación, Cristina Garmendia Mendizábal. No acto, desenvolvido no Campus de Vigo (sede de CITEXVI), tamén participaron Salustiano Mato, reitor e presidente do complexo, e Abel Caballero, alcalde de Vigo. A Cidade, que tamén servirá para poñer a disposición dos investigadores da Universidade e das empresas unha plataforma de servizos tecnolóxicos de última xeración, está integrada por catro socios: a Universidade, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, Novacaixagalicia e a Xunta de Galicia.

O edificio oficializado este luns dispón de 6.700 m2 distribuídos en catro andares. O espazo encamiñado a dar acubillo ás iniciativas de I+D+i e proxectos empresariais é de 3.600 m2, dedicando o resto a servizos xerais e de apoio. Dispón de espazos modulábeis e multifuncionais de 72 metros cadrados como mínimo, equipados con control de accesos, climatización individual e tomas de acceso de voz e datos a través de tecnoloxías de última xeración. Esta superficie de 3.600 metros cadrados orientada a iniciativas de innovación xa conta arestora con beneficiarios directos: máis de 100 proxectos en marcha e nove institucións privadas e públicas con presenza directa tirando partido dos seus servizos, ás que se espera que se sumen en breve outras moitas. Segundo fixo saber a Universidade, a facturación agrupada das unidades de negocio de todas as entidades ligadas a CITEXVI, en 2010, ascendeu a preto de 10 millóns de euros.

Entre as previsións subministradas, estímase que a Cidade chegue a acoller o traballo de máis de 250 profesionais de tódolos eidos da alta tecnoloxía actual (arestora son uns 80). Ás empresas novas que xa lle están tirando o máximo partido, ou están a piques de facelo, cómpre engadir o aval achegado por outras firmas de meirande experiencia, que xa amosaron o seu compromiso coa iniciativa dende a súa orixe: Telefónica, Televés, Indra, Egatel, Ineo, R ou Tele2 Comunitel do sector TIC; Gas Natural, Inditex, Finsa, Philips, GOC e Schneider ou CENTUM, empresa do sector de alta tecnoloxía. O gran obxectivo, engádese dende a Universidade de Vigo, é que "CITEXTVI contribúa á creación de emprego cualificado e, de forma especial, ao desenvolvemento de Galicia e de sectores estratéxicos como: telecomunicacións, tecnoloxías da información, enerxía e medio ambiente, ciencias mariñas, biomedicina e tecnoloxías agroalimentarias".

Visita a GRADIANT

Tras a inauguración do CITEXVI, a ministra de Innovación e Ciencia, Cristina Garmendia e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, visitaron GRADIANT acompañados de Abel Caballero, alcalde de Vigo, e Salustiano Mato, presidente de CITEXVI. Puideron explorar as novas instalacións do Centro, quedando gratamente sorprendidos polo nivel de desenvolvemento tecnolóxico dos seus proxecto. Videovixilancia avanzada biometría redes de novas xeración móbiles, mobiliario intelixente... foron explicados con detalle polos investigadores do Centro.

Fernando Pérez, director xeral de GRADIANT, recibía as autoridades á entrada do local e exercía de guía ao longo dos 600 m^2 que GRADIANT ocupa actualmente en CITEXVI. O traslado de GRADIANT a CITEXVI supón, segundo a propia dirección do centro, ocupar unha oficina «que é un reflexo dos valores que asumiu o centro. Trátase dun espazo diáfano, nun edificio intelixente e enerxeticamente eficiente. Sen despachos e grazas á rotación semestral dos postos de traballo, facilitan o intercambio de coñecementos e a síntese de novas ideas. Sen compartimentos estancos, materiais nin conceptuais, é a mellor receita para estimular a creatividade».

As TIC impulsan o galego na administración

Política Lingüística presenta os primeiros cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas para os empregados públicos

Entre as moitas cousas que se poden facer pola Rede, cada día máis e con tódalas vantaxes que isto ten (menos desprazamentos, máis rapidez e accesibilidade aos datos e aos procesos), atópase a de mellorar o noso coñecemento do galego. Isto non é novo, xa que se pode facer dende hai tempo das máis diversas maneiras, pero o que si que é inédito é a concreción que se está a poñer arestora en xogo. Nesta liña insírense os cursos que a Xunta de Galicia vén de habilitar recentemente para mellorar a capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo das administracións públicas. O que se pretende, polo tanto, é tentar tirarlle o máximo partido ás novas tecnoloxías para optimizar o coñecemento do noso idioma entre o noso funcionariado. Trátase dos primeiros cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas. As dúas accións foron presentadas a finais de xuño polo secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo; polos responsables das direccións xerais de Administración Pública e de Xustiza, Norberto Uzal e Juan José Martín, respectivamente; e polo director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Pablo Figueroa.

Segundo fixeron saber, esta modalidade en liña inaugura unha nova etapa na formación específica en galego que ofrece a Xunta de Galicia. Con este obxectivo, "aproveita as vantaxes das novas tecnoloxías na busca de mellorar a capacitación lingüística das empregadas e dos empregados públicos", sinalou Anxo Lorenzo durante o encontro cos medios de comunicación celebrado na Escola Galega de Administración Pública (EGAP). E proseguiu: "A innovación nos formatos de aprendizaxe permítenos acadar un servizo adaptado ás demandas da sociedade actual. Deste xeito estamos a darlle máis facilidades á cidadanía que desexa adquirir ou mellorar a súa competencia en galego, podemos chegar a un público moito máis amplo e tamén ofrecer un maior número de cursos cun menor investimento".

Anxo Lorenzo explicou que para esta primeira edición de 2011 están convocados un total de 18 cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio, 13 para o persoal da Administración autonómica e 5 para a local. Tamén se realizarán 4 cursos en liña para o persoal da Administración de xustiza de Galicia e para o destinado fóra da comunidade. Ademais desta modalidade de teleformación, a secretaría xeral convocou para este ano 62 cursos de linguaxes administrativa e xurídica galegas na modalidade presencial, en colaboración coa EGAP, coa Dirección Xeral de Xustiza e co Instituto Nacional de Administración Pública.

Formación específica en galego para o persoal das administracións

Os cursos de especialización teñen como finalidade darlles formación específica aos traballadores e traballadoras das distintas administracións públicas na súa lingua de especialidade. Con ese mesmo fin, e como alternativa á formación presencial, os cursos na modalidade de teleformación ofrecen novas posibilidades para xestionar os recursos e o tempo dedicado á capacitación lingüística.

Recursos dispoñibles na plataforma web

A plataforma virtual dos cursos dispón dunha sección de recursos na que o alumnado ten á súa disposición diferentes ferramentas lingüísticas, así como outro material de utilidade para o desenvolvemento do curso. Glosarios con termos específicos de linguaxe administrativa e xurídica galegas, materiais básicos de consulta, vocabularios con terminoloxías sectoriais de acceso libre na rede, manuais de estilo e redacción, sitios web desde os que se pode acceder á lexislación de interese para o curso, vídeos relacionados coa materia, e unha hemeroteca con artigos xornalísticos e de investigación vinculados con este campo son algúns dos recursos que o alumnado pode consultar a través da plataforma virtual.

Presentación das actividaders formativas na EGAP.

O desenvolvemento dos cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas ten unha duración de 75 horas. A realización desta primeira edición de 2011 terá lugar a partir do próximo mes de setembro e cada curso prolongarase un total de oito semanas. As persoas que soliciten os cursos en liña unicamente deberán dispor dun ordenador con conexión á internet, dun navegador web co plugin de flash e dunha conta de correo electrónico.

Plan de Formación en Galego 2011

Unha das apostas da Secretaría Xeral de Política Lingüística, segundo sinalou o departamento da Xunta na presentación dos cursos, é "o fomento da competencia no idioma por parte da sociedade para que poida estar en disposición de usala en todo tipo de ámbitos de uso". Con este obxectivo, a secretaría xeral está a impulsar o Plan de Formación en Galego 2011, onde se enmarca a oferta destes primeiros cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas. Nesta mesma liña de actuación tamén se insire a nova orde pola que se regulan os cursos de linguaxes administrativa e xurídica galegas, de nivel medio e superior, e que foi publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado 24 de xuño.

321.000 internautas máis

Redúcese nun 41% a porcentaxe de galegos que carecen de acceso a Internet

A día de hoxe, e tras a posta en marcha de máis da metade das actuacións previstas no Plan de Banda Larga 2010-2013 son xa arredor de 321.000 os galegos que poden acceder á banda larga e que ata agora non tiñan acceso a ese servizo. Isto supón reducir nun 41% a porcentaxe de galegos sen cobertura antes do inicio do Plan. En 2011 o Plan permitirá que a porcentaxe de galegos con acceso á rede chegue ao 83,70% fronte ao 70% existente en 2009.

Segundo informa a Secretaría Xeral de Modernización, responsábel destes traballos, a posta en marcha destas iniciativas "está a conseguir que Galicia reduza a fenda interna entre as zonas rurais e urbanas". O ano pasado, engade, a diferenza media na dispoñibilidade de acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixo atlántico pasou dun 20% a un 10% e a previsión é que en 2011 esta porcentaxe diminúa ata un 7%.

Ademais, informa Modernización, logrouse "garantir a cobertura de Internet de calidade a máis da metade dos parques empresariais e polígonos industriais con carencias de cobertura así como, posibilitar o acceso de calidade a Internet á maior parte dos puntos de demanda de servizos públicos (centros educativos, centros de saúde, farmacias, xulgados de paz, etc.) sen banda larga". O despregamento de redes do Plan é clave para proporcionar as infraestruturas que permitirán avanzar na Administración Electrónica e en proxectos innovadores en ámbitos como a sanidade, a educación e a xustiza.

O Plan abrangue seis actuacións das que xa se puxeron en marcha 4: a implantación de redes fixas, sen fíos, de nova xeración (con velocidades de 100Mbps), e a potenciación do operador público Retegal, que está a poñer a disposición dos resto dos operadores a súa infraestrutura favorecendo a competencia. Este ano ponse en marcha unha nova actuación para completar a cobertura nas zonas rurais, e que entre 2011 e 2013 posibilitará o acceso a Internet a máis de 250.000 persoas de 11.000 núcleos rurais de toda Galicia

Para levar a cabo as actuacións en marcha ata a data, a Xunta de Galicia está a investir máis de 81 millóns de euros cos que está a mobilizar un orzamento de case 222 millóns de euros entre capital público e privado.

Redes sen fíos para as zonas con máis dificultades

O despregamento de redes sen fíos comezou o pasado ano polas zonas con máis dificultades de acceso, núcleos rurais do sur da provincia de Lugo e a súa contorna. Para iso, a Xunta concedeu en setembro de 2010 unha orde de subvención ao operador Iberbanda por valor de case 624.000 euros que xerará un investimento total de 1,1 millóns de euros.

Con este orzamento Iberbanda achegou xa o acceso á banda larga de calidade a case 34.000 habitantes de máis de 2.000 núcleos de poboación do sur de Lugo e a súa contorna que non contaban con cobertura. O servizo que proporciona Iberbanda nesta zona ten unha velocidade mínima de 2 Mbps.

Extensión de redes fixas no rural galego

Outra das liñas de acción que o Plan desenvolve para achegar o acceso a Internet no rural galego é a extensión de redes fixas, que está a desenvolver o operador Telefónica e que garanten unha velocidade de 6 Mbps nun total de 192 núcleos a día de hoxe. Para o despregamento destas infraestruturas de telecomunicación na Comunidade a Xunta concedeu a Telefónica o pasado mes de setembro unha subvención de preto de 5,3 millóns de euros, que xerará un investimento total de preto de 23 millóns.

Telefónica posibilitou xa que preto de 88.400 persoas de toda Galicia, que ata agora non contaban con cobertura, dispoñan da posibilidade de acceso a un servizo de banda larga de calidade.

Velocidades de 100 megas, as redes máis punteiras

Outro dos obxectivos do Plan é incentivar o desenvolvemento das redes máis punteiras con velocidades de 100Mbps. A Xunta concedeu o pasado mes de setembro unha orde de subvención ao operador R Cable por valor de 28 millóns de euros para o despregamento de redes de nova xeración nos núcleos de máis de 500 habitantes que, dispoñendo de cobertura de banda larga, presenten unha alta demanda de servizo, excluíndo os principais núcleos de poboación das sete grandes cidades.

Deste xeito, con esta achega que conseguirá un investimento global de case 130 millóns o operador R posibilitou o acceso a redes de nova xeración, e por tanto, con velocidade de 100Mbps, a en torno 193.000 habitantes de 85 núcleos de poboación fóra das grandes cidades. Este ano o Plan posibilitará a máis de 207.000 habitantes de núcleos de fóra das 7 grandes cidades o acceso a estas redes. En total, tendo en conta ás grandes cidades haberá máis de 1 millón de galegos con acceso a estas redes.

Colaboración coas Deputacións

Co apoio da infraestrutura de Retegal, a Xunta está a levar a cabo os despregamentos de redes de acceso sen fíos conxuntamente coa Deputación de Pontevedra e coa Deputación de Ourense.

A día de hoxe xa dispoñen de posibilidade de acceso á rede case 132.000 habitantes que non contaban con cobertura grazas ao proxecto conxunto coa Deputación de Pontevedra.

Pola súa banda, como resultado do proxecto de despregamento levado a cabo conxuntamente coa Deputación de Ourense case 69.000 habitantes que non contaban con cobertura, a día de hoxe xa dispoñen de posibilidade de acceso.

Potenciación do operador público Retegal

Outra das actuacións do Plan é o reforzo da rede de telecomunicacións do operador público de Retegal o que permitirá acelerar e optimizar o despregue da banda larga no rural mediante o aproveitamento das infraestruturas públicas. Así, o operador público contará con máis de 350 emprazamento e xa neste ano con máis 1.855 Km de fibra óptica postos a disposición do resto de operadores que permitirán axilizar e maximizar os resultados dos proxectos de extensión de redes sen fíos.

Nova liña de actuación para despregar a banda larga en 11.000 núcleos do rural

A Secretaría Xeral de Modernización concederá en breve, conforme ao previsto no Plan de Banda Larga 2010-2013, axudas de 15.290.000 euros para a creación de novas redes de acceso á banda larga na contorna rural de Galicia. Así se recolle nunha orde de axuda, en réxime de concorrencia competitiva, que se publicou no DOG o pasado 13 de maio

As axudas están destinadas ao despregamento de redes de acceso de banda larga en 11.000 núcleos do rural galego, emprazadas nas zonas brancas, é dicir, que non teñen acceso á mesma nin previsión de telo. Estas achegas, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), realizaranse co compromiso de despregar a totalidade da rede antes do remate do ano 2013.

Esta subvención supón un máximo do 40% investimento preciso para esta actuación. Así, grazas á achega da Administración de máis de 15 millóns de euros conseguirase un investimento de máis de 38 millóns de euros para o despregamento destas redes de banda larga na Comunidade.

Con esta actuación, da que se beneficiarán máis de 250.000 habitantes que a día de hoxe non dispoñen de cobertura, búscase suprimir a fenda dixital que afecta ao rural galego.

Reconto de usuarios e axudas para novos internautas

Segundo informa Modernización, durante os 6 primeiros meses de 2011 máis de 26.000 galegos contrataron servizos de acceso a Internet grazas aos novos despregamentos de redes de telecomunicación que está a desenvolver a Secretaría Xeral a través do Plan de Banda Larga 2010-2013. No primeiro semestre do ano producíronse diariamente unha media 145 altas de servizo de banda larga o que supón que preto de 400 galegos poidan acceder á Rede, engádese. "Estes datos poñen de manifesto a boa acollida dunha das iniciativas tecnolóxicas máis relevantes da Xunta para reducir a fenda dixital e impulsar o acceso ás redes máis modernas de telecomunicación", coméntase dende Modernización. Sinalar que o obxectivo do Plan, iniciado en 2010, é dotar de cobertura a toda Galicia en 2013. "Con esta finalidade xa se puxeron en marcha 4 das 6 acción previstas no plan, priorizando o ámbito rural galego e impulsando ao mesmo tempo a extensión das redes de telecomunicación máis punteiras con velocidades de 100Mbps", cóntase. Isto vén acompañado dun proceso para solucionar un atranco de anos: o elevado custo da conexión, que é a terceira causa aducida na nosa terra para non contratar o servizo de internet no fogar. Nesa liña, Modernización puxo en marcha un programa de axudas para que as familias galegas con menos recursos económicos poidan contratar a conexión nos seus domicilios.

A Administración autonómica destinará no período 2011-2012 un investimento de 1.470.460 para a execución destas axudas, das que se poderán beneficiar a arredor preto de 8.200, que por ter menos recursos non dispoñían de conexión a Internet no fogar. Así se recolle nun acordo aprobado no Consello da Xunta. Os beneficiarios das axudas serán as familias residentes en Galicia, que teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 euros e que soliciten unha nova alta de acceso. Para acceder a estes apoios, será requirimento obrigado que no fogar non houbese contratada conexión algunha a internet no intre de levarse a cabo a petición, nin polo menos nos tres meses anteriores á publicación da convocatoria de axudas. O programa fixa a concesión dunha única axuda por unidade familiar do 40% do custe da tarifa mensual da conexión a partir do segundo mes de servizo e até completar un ano, cunha contía máxima de 180 euros e condicionado á permanencia servizo ao longo deste prazo. A alta de liña e o importe dunha cota mensual será asumido pola entidade colaboradora.

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

web:tv, á carreira

Blu:sens achega en beta unha nova actualización do *firmware* do dispositivo

A firma de electrónica de consumo e lecer máis importante do noso país, a tecnolóxica Blu:sens, está a sumar tódolos seus esforzos para perfeccionar o produto estrela da casa e no que se pousan tódalas miradas do sector: o web:tv, un trebello que combina a reprodución multimedia coa sintonización/gravación de TDT de alta definición, que a partir do mes de agosto disporá de novas funcionalidades.

Así o anunciou Miguel Churruca, director de marketing e comunicación da compañía, que adiantou que a nova versión de firmware estará dispoñible como actualización gratuíta.

As melloras realizadas responden ás peticións dunha gran parte de usuarios que botaban en falta a compatibilidade do trebello con teclados e ratos sen fíos para facilitar a escritura e a navegación en Internet, e a súa compatibilidade con vídeos 3D en formato Digital 3D (como SbS –side by side ou TaB –Top and Bottom) para a súa reprodución en televisores de tres dimensións.

Outras funcións que se anuncian con esta actualización son a incorporación de melloras no streaming, que permiten que calquera dispositivo con conectividade Wi-Fi poida acceder ao sintonizador do Blu:sens web:tv e a posibilidade de ver a televisión de xeito remoto en ordenadores, tablets e todo tipo de smartphones; no caso dos últimos, a aplicación permitirá converter calquera dispositivo Android nun mando a distancia para o web:tv.

Non é de estrañar, xa que logo, que Churruca se refira a este trebello como "un dispositivo vivo" do que engade que "gran parte do seu desenvolvemento persegue cubrir as necesidades e expectativas dos usuarios".

Malia que a actualización de firmware estará dispoñible para tódolos usuarios a partires de agosto, xa se pode descargar en versión beta no foro de desenvolvedores de Blusens (máis polo miúdo en developers.blusens.com) un foro que está soportado directamente polo equipo de I+D da compañía, e que prové da información necesaria para que calquera usuario ou desenvolvedor poida crear novas aplicacións para o web:tv.

Internet á televisión

O web:tv é o dispositivo de fogar conectado de Blu:sens que leva internet á televisión. Amais disto, tamén se presenta como un avanzado reprodutor multimedia de alta definición que pode conectarse por rede ao ordenador, discos duros USB, routers… e reproducir múltiples formatos de vídeo, música e fotos. Incorpora un sintonizador TDT HD e conta con funcións avanzadas de timeshift e gravación de vídeo. Amais inclúe acceso ao videoclub en liña de Blu:sens TV, navegador web e aplicacións externas.

Cunhas dimensións super compactas (12 x 10 x 4 centímetros) web:tv transforma o televisor nun dispositivo de altas prestacións cun manexo sinxelo a través do mando a distancia incorporado, no que abondan 8 botóns para manexar todos os menús do trebello.

Como dispositivo de fogar conectado, o web:tv conéctase á rede doméstica (por Wi-Fi, Ethernet ou PLC), a dispositivos USB e á Internet; e incorpora 2 portos USB para conectar discos duros externos USB cos que reproducir vídeo, música e fotos ou gravar programas da TDT.

O novo dispositivo de Blu:sens céntranse na web para integrar aplicacións externas e acceder a contidos, videoclubs online ou televisións por internet, incluíndo Blusens TV, gozando tamén de acceso directo ao videoclub en liña da firma con sede en Santiago, no que só é preciso o mando a distancia para alugar as nosas películas preferidas e velas directamente dende a web en streaming.

Tamén subministra acceso a miles de canles de televisión por Internet que emiten en aberto, e, de xeito adicional, incorpora un navegador web para acceder directamente ás nosas páxinas de web preferidas.

O Blusens web:tv complétase cun sintonizador de TDT de alta definición (para acceder á última tecnoloxía e aos contidos máis avanzados da televisión dixital terrestre) e co soporte de aplicacións externas (pequenos programas en liña que melloran a experiencia de usuario e aumentan as posibilidades do web:tv).

A empresa *antifenda*

Intermax amosa en detalle a súa proposta para levar a Rede a 300.000 galegos do rural

Máis detalles en www.redeintermax.com e no teléfono 900 866 972 (de balde)

A empresa galega Intermax quere subir novos chanzos na busca dunha cobertura eficaz e a baixo custo das nosas zonas rurais máis desfavorecidas e illadas en materia de accesos á internet. En termos máis concretos, o obxectivo é chegar coas súas redes sen fíos a arredor de 300.000 galegas e galegos. Esta é, precisamente, a finalidade do concurso de extensión de redes de banda larga da Secretaría Xeral de Modernización, concurso no que concorre Intermax (contando coa participacion de xeito indirecto para o proxecto de outras empresas da nosa terra como as asociadas a OperGal, R, Retegal e Blu:sens) e que suporía, amais do devandito, conectar á Sociedade da Información a máis de 40.000 vivendas.

A proposta de Intermax, con sede en Melide, baséase como dixemos na participación directa ou indirecta de diferentes compañías galegas. Segundo informan fontes da firma, inclúense no proxecto operadores como R ou Retegal até fabricantes como Blu:sens, que achegará todo o sistema de televisión sobre IP da rede. Asemade, colaborarán empresas instaladoras así como os Operadores Galegos de Redes sen Fíos de Banda Larga, OperGal, asociación de recente posta en marcha e da que falamos polo miúdo nesta revista con motivo da súa presentación en Santiago. Esta entidade concorrerá fornecendo ao proxecto dos seus recursos, a súa experiencia e grao de coñecemento sobre o terreo e demanda real dos usuarios.

Segundo informan dende Melide, a proposta de Intermax *"parte no concurso en boa posición grazas aos apoios dos integrantes do proxecto, así como dos clientes aos que presta servizo, concellos e pequenas e medianas empresas, sumándose isto aos avais que certifican a experiencia e a eficacia da empresa, que xa realizou proxectos en toda a nosa xeografía e que atende arestora a máis de 7.500 clientes en 70 concellos galegos".*

O seu director, Javier Mouriño, coméntanos que esta liña de axudas da Xunta incluídas no concurso devandito pode potenciar a extensión dun sector que a día de hoxe non está afectado pola crise, *"dado que o medre das empresas nos últimos catro anos foi de arredor do 80%, en número de usuarios, redes e empregados".*

E continúa, ao fío das características da proposta de Intermax: *"O noso proxecto cumprirá os obxectivos marcados pola Xunta de Galicia, e mesmo os mellorará tanto a nivel de servizos adicionais, como a TV IP, Vo IP , videovixilancia, caudal ofertado e unha maior cobertura, superior ao 99% dos habitantes dos núcleos, co fin de achegar a banda larga ata a última aldea e o último galego, xerando preto de 200 postos de traballo".*

Entre os puntos fortes da iniciativa de Intermax atópanse a súa experiencia e, tamén, a súa galeguidade: *"Presentamos un proxecto moi competitivo que nos ofrecerá a oportunidade de seguir traballando e medrando como ata o de agora; a entrada dunha empresa de fóra de Galicia sendo beneficiaria da axuda deste plan global, sería unha ameaza seria para a nosa expansión e frearía o bo traballo realizado nos últimos anos por todas as empresas galegas do sector das telecomunicacións",* comenta Mouriño.

A maiores, Javier Mouriño salienta que, en caso de recaer na súa firma a iniciativa, adoptarase unha modalidade de alta gratuíta. Isto quere dicir que as instalacións de todo o relativo ao equipamento para accedermos ás redes, non terá custe algún nin períodos de permanencia, *"ofrecéndolles así seus clientes unha maior flexibilidade nos seus servizos",* sinala.

Mapa da cobertura galega

Os detalles do proxecto presentado inclúen a prestación de servizos de acceso a Internet con velocidades de 2 a 10 Megas, telefonía, televisión e videovixilancia, entre outros. A rede despregada para soportar este servizo está formada por 2.344 puntos de acceso en máis de 290 concellos galegos, cunha cobertura do 99,1%. A tecnoloxía utilizada corresponde ao estándar 802.11 N, *"o máis evolucionado para as transmisións de datos que posibilita acesos teóricos de 300 megas e accesos reais de 200 megas, garante a máxima calidade e está avaliado polo éxito destas redes noutras comunidades autónomas como Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía que contan con máis de 50.000 usuarios",* informa Intermax. As bandas empregadas serán a libre de 5 Xhz, *"que xa demostrou a súa eficacia en proxectos anteriores de Intermax, e a de 3,5 xigas para o que a empresa está a pechar acordos de aluguer destas bandas licenciadas cos operadores concesionarios a nivel nacional",* engade a empresa de Melide.

Un amplo abano de servizos

Intermax naceu a principios de 2008 en Melide como operadora de telecomunicacións. Posúe rede sen fíos propia e quere levar Internet de altas prestacións a todos os recantos de Galicia, pensando

especialmente nas zonas rurais desfavorecidas e urbanas periféricas.

Na actualidade, Intermax ten a rede sen fíos Wi-Fi e WiMAX máis extensa de Galicia, con máis de 7.000 km² de zonas de cobertura. A intención da empresa é eliminar a fenda dixital, brindando servizos avanzados de acceso a Internet, telefonía, videovixilancia, voz sobre IP (VoIP), televisión e radio, transmisión de datos a través de banda larga, con tecnoloxía sen fíos profesional e mesmo grandes velocidades para cubrir necesidades de clientes específicos. Para máis información sobre os servizos da empresa pódese chamar gratuitamente ao 900 866 972.

A empresa TIC dun mozo de 22 anos

Intermax vén da man de Javier Mouriño, un mozo de 22 anos que dirixe unha empresa con 23 traballadores ao seu cargo. Mouriño, natural de Melide (onde ten a súa base de operacións principal Intermax), puxo en marcha esta firma especializada na achega de redes ao rural cun investimento inicial de 4.000 euros e vinte clientes. Arestora, a firma que dirixe aspira a levar internet de alta velocidade, acceso de banda larga, a arredor de 300.000 galegas e galegos. *"Neste intre"*, sinala Mouriño, *"a nosa é a maior operadora de redes sen fíos de Galicia"*. Esta arela de incrementar negocio, natural en calquera empresa, unida á experiencia dos profesionais aos que dá acubillo e ao beneficio social do seu cometido (a loita contra a fenda dixital que afecta dende hai anos, inxustamente, a unha boa parte da nosa xeografía non urbana), son as bases para afrontar o seu maior reto: a súa concorrencia no concurso de extensión das redes de acceso de banda larga na zona rural convocado pola Secretaría Xeral de Modernización, a resolver antes de fin de ano.

De impoñerse no concurso, Intermax terá que levar, como dixemos, o seu servizo a 300.000 persoas, o que suporá conectar á rede a máis de 40.000 vivendas. Con este fin, destinarase un investimento de 40 millóns de euros, dos que a compañía achegará 25, o que posibilitaría a creación de 200 postos de traballo.

Segundo manifesta Intermax ao fío do dito concurso, non falta no seu seo nin tecnoloxía nin profesionalidade para acadalo. Asemade, tampouco faltan voces que as certifiquen. Arestora, a firma de Melide ofrece servizos de banda larga mediante redes sen fíos a 7.500 usuarios de 70 concellos da zona rural de Galicia. As súas actuacións abranguen pois unha chea de concellos galegos, como Samos, Arzúa, Santiso ou Melide, onde usuarios e responsábeis das administracións locais xa deron mostras de satisfacción con respecto á cobertura e o mantemento do servizo achegado por Intermax. "Moitos son os concellos de Galicia que queren amosar o seu apoio e confianza aos servizos da nosa empresa", comentan dende a empresa, e nesta liña sitúanse Fernando Suárez, alcalde de Santiso, Ánxeles Vázquez, máxima responsábel do Concello de Melide ou mesmo Olga Iglesias, rexedora de Triacastela, xa en terras de Lugo, á beira do Camiño de Santiago. As súas declaracións salientando as vantaxes do servizo de Intermax están dispoñíbeis xa na Rede, na web de Intermax, onde tamén podemos ver as opinións ao respecto dos alcaldes de Sobrado dos Monxes, Láncara ou As Nogais, entre outros rexedores.

Un claro exemplo deste apoio a Intermax vén da man do alcalde de Arzúa, Xosé Luís García, que ten salientado que grazas ao servizo da firma de Melide, 18 das 22 parroquias do concello teñen acceso a Internet, conectando até 100 megas por persoa. Así reflicte Intermax as opinións do alcalde: *"Como goberno, esta infraestrutura permítenos desenvolver proxectos que tiñamos en mente dende hai moito tempo; por exemplo os da parroquia de Dombodán, onde estamos a levar a cabo unhas iniciativas para que os veciños teñan a posibilidade de vender os seus excedentes de produción a través da rede, ou mesmo propoñer actividades turísticas"*, comenta.

Esta opinión a todas luces positiva tamén é compartida, tal e como se amosa dende a web de Intermax nunha serie de pezas audiovisuais, por persoeiros da vida pública ou empresarial das nosas terras do interior, como por exemplo Luis Frade, supervisor do Parque Eólico do Careón, José Luis Álvarez, prior do Mosteiro de Samos ou Moisés Arza, do Hotel A Veiga, Norman Perez, da Casa Grande de Brandariz

Sen límite de tráfico

Segundo informa Intermax, tódalas modalidades e paquetes ofertados pola empresa non terán límite de tráfico, e tampouco disporán de restricións horaria á accesibilidade do servizo, é dicir, o cliente terá libre acceso aos contidos legais de Internet sen límite de horarios nin limitación de navegación nin de descarga. "Garantimos que o mínimo garantido de largo de banda contratado por cada un dos clientes sexa do 50%" –indicou Mouriño. Ademais do servizo de Internet, Intermax tamén levará ao rural galego outros servizos como a telefonía IP, televisión IP e videovixilancia. "Poñeremos á disposición do cliente do rural unha liña de telefonía IP de gran calidade; tamén a televisión IP contará cun servizo básico con máis de 100 canles, para nun futuro poder ofrecerlles aos nosos clientes un servizo de vídeo on demand" –apuntou Mouriño.

O melidense Javier Mouriño responsábel da empresa Intermax

Achega de videovixilancia para o noso rural

Ser internauta no rural nunca foi o mesmo, definitivamente, que selo na cidade. En primeiro lugar, porque para chegar a ser usuario das redes dende unha vila miúda ou dunha aldea tiñas que sortear máis grandes obstáculos cós que tiña que deixar atrás unha persoa da cidade, de por si moito máis beneficiada de servizos e infraestruturas. Isto tamén é aplicábel a todo relacionado co eido da videovixilancia. Segundo nos fai saber a empresa galega Intermax, amais da fenda dixital, tamén existe unha fenda de oferta axeitada neste eido, carencia que se está a manifestar nun déficit importante de seguridade nun bo número de áreas da nosa xeografía.

Amais disto, a implementación de sistemas de vídeovixilancia é frecuentemente considerado un proceso custoso e longo debido á dificultade de instalacións de infraestrutura de cableado para levar o vídeo ata os lugares de gravación, e aínda máis no rural, segundo explica Javier Mouriño, "levaremos a cabo proxectos de cámaras remotas en localizacións rurais ou forestais, sen posibilidade de alimentación eléctrica nin acceso a Internet, mediante sistemas sen fíos e autónomos de enerxías renovables como a solar ou a eólica. As cámaras son capaces de operar as 24 horas do día grazas a acumuladores que subministran a enerxía en todo momento".

Deste xeito, Intermax da solución a necesidade de maior seguridade para os veciños rurais e as súas propiedades, así como poder realizar un maior control e supervisión do estado dos seus animais e cultivos, nivel de auga do seus bebedeiros e calquera outra actividade nos seus campos.

Brinda tamén a posibilidade para institucións públicas e privadas de supervisar o funcionamento de equipos e maquinaria, incrementar a seguridade de zonas protexidas ou por outra parte realizar estudos de natureza salvaxe.

OPERGAL

Asociación de Operadores Galegos de Redes Sen Fíos de Banda Larga

INTERMAX TECHNOLOGY

Alexandre Bóveda nº5 - 15.800 Melide - A Coruña
Telf. 900 866 972 - 902 908 737 981 - 505 884

ECOEUME

Rúa Alexandre Bóveda nº3 Baixo - As Pontes
Telf. 981 45 12 41

JAVIER MOURIÑO LÓPEZ

Alexandre Bóveda nº5 - 15.800 Melide - A Coruña
Telf. 900 866 972 - 902 908 737 981 - 505 884

GESTECNO, GESTIÓN DE DATOS

Gutenberg nº 27 - 3º D - A Coruña
Telf. 981 145 023 - 982 881 401

TERRA CHA TECHNOLOGY

Avenida Tierra Llana, 28-30 - Vilalba - 27.800 Lugo
Telf. 626 273 692 - 982 090 354

DUO TELECO

Rúa Luis Otero nº 2 - Bajo derecha - 36.005 Pontevedra
Telf. 902 57 01 82

NAUTA

Rúa Alexandre Bóveda nº3 Baixo - As Pontes
Telf. 981 45 12 41

RED DE ENSEÑANZA MULTIMEDIA

Gutenberg nº 27 3º D - A Coruña
Telf. 981 145 023 - 982 881 401

MIRA NOVAS TECNOLOXÍAS

Valle Inclán, 2ª 1º - 36.370 Nigrán (Pontevedra)
Telf. 900 866 956 - 986 35 73 92

OPERADORA TRIPLA

C/ B , 27 - 36.500 LALIN

Máis participación e interactividade

A CRTVG presenta nun acto multitudinario o novo deseño da súa web

A CRTVG vén de facer pública a nova feitura da súa web (en activo dende hai 15 anos) que se presentou a mediados do mes de xuño baixo a premisa de ser unha ferramenta para usar "onde, cando e como queiran os usuarios", os verdadeiros protagonistas da nova aplicación, que poderán participar activamente na mesma e consumir os contidos dende calquera plataforma que desexen.

O acto de presentación, que conduciu a xornalista Beatriz Manjón, contou coa presenza de destacadas personalidades do eido audiovisual galego, así como con vellas caras coñecidas da casa como Jorge Mira, Xosé Ramón Gayoso ou Xosé Manuel Piñeiro, que non quixeron perder a ocasión de coñecer de primeira man o funcionamento da nova ferramenta.

O Servizo de Innovación e Novas Canles da CRTVG, ao mando de quen se atopa Esther Medina, traballou arreo no perfeccionamento da antiga web para darlle unha nova feitura e facela máis funcional e atractiva, ao tempo que se adaptara ás novas demandas dos seus usuarios.

Medina explicou o funcionamento da web con demostracións prácticas, apuntando que a nova imaxe ten unha estrutura máis clara, ten novos contidos e conta con máis posibilidades de participación e interactividade para os usuarios.

Segundo ela, nesta nova etapa "a web pretende ser un referente da información en galego, sobre todo audiovisual", para o que se presenta nun formato multisoporte que permite que os informativos, tanto da radio como da televisión, sexan accesibles dende teléfonos móbiles e tablets.

Neste senso, tamén o director xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo, quixo amosar a súa satisfacción coa plataforma, salientando o seu potencial "para lanzar ao mundo o noso servizo de noticias e os programas de entretemento, que facemos dende unha visión netamente galega", aclarou.

No transcurso do acto, o director xeral tamén destacou a renovación conceptual e estética da nova páxina web, que servirá, entre outras cousas, "para apoiar os valores que representa a CRTVG no desenvolvemento da lingua e da cultura galegas".

As novas tecnoloxías permitiron contar tamén coa presenza do presidente de Circom Regional (a Asociación de Televisións Públicas Europeas), Michael Lally, que a través dunha gravación audiovisual felicitou o bo facer do equipo pola súa nova aposta e pola utilidade da ferramenta.

A esta intervención na distancia hai que engadirlle a de varios galegos e galegas afincados no exterior, que transmitiron a súa opinión persoal da web e que coincidiron en destacar a súa mellora visual e limpeza, e a facilidade de navegación que presenta.

Por non faltar, no evento tampouco faltaron as actuacións musicais, da man da rapeira viguesa Aíd, que estreou o tema musical creado para a campaña de comunicación da CRTVG, Apréndeo; nin a entrega de premios do concurso CRTVG busca... reporteiros, posto en marcha a través da web, e da que saíu vencedora Janet Vázquez Estévez, cunha reportaxe que puideron presenciar os asistentes.

Da nova web, que dende o pasado 17 de maio estaba activa en modo beta, cómpre salientar a súa aposta por catro grandes bloques diferenciados: deportes, cultura, tempo e infantil, os cales se desenvolven en microwebs específicas e inclúen tanto contidos antigos sacados de arquivo como novos contidos de produción propia para consumir de balde.

En definitiva, trátase dunha ferramenta que integra a televisión e a radio na Rede, botando partido das súas vantaxes e aproveitando tódalas posibilidades que ofrece o medio, incluídas as redes sociais.

Ideas á procura de apoio

O alumnado do Master en Consultoría de Software Libre da Universidade de Vigo presenta os seus plans de negocio

O pasado venres, os alumnos e alumnas do Master en Consultoría de Software Libre da Universidade de Vigo, concretamente da Escola Superior de Enxeñaría Informática de Ourense, deron oficialmente por concluído o seu curso académico, presentando os plans de negocio que elaboraron como traballo final de mestrado perante posibles investidores ou colaboradores, algo no que empregaron todo o seu tempo e esforzos nos últimos meses.

Con só 5 minutos para "vender" as súas ideas, os alumnos tiveron que rachar cos nervios e facer unha presentación de empresa, intentando captar a atención dos empresarios e capitalistas alí presentes e convencéndoos da rendibilidade e da viabilidade dos seus proxectos.

Findeat, Sincita.es, Smartn@ture e Nestaste foron as catro ideas de negocio presentadas na xornada, todas elas baseadas en software e novas tecnoloxías, que acadaron a atención e recoñecemento das empresas e organismos convidados, entre as que se atopaban o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE); o Centro de Iniciativas Empresariais de Ourense; a Confederación Empresarial de Ourense; Bic Galicia; Openhost; Dosmasdos; Redegal; IdeIT; Quobis; a Asociación Galega de Empresas TIC (AGESTIC); a Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL); Iniciador Galicia; o Círculo de Xóvenes Empresarios de Ourense; a Federación Galega de Xóvenes Empresarios e SOGARPO.

Segundo nos informan dende o DUVI, dúas das ideas expostas tiveron como temática protagonista a gastronomía. A primeira delas, o proxecto Findeat, foi presentada por Toni Martínez e trátase dunha guía social de restaurantes e locais de ocio que lle permite aos seus usuarios elixir "con confianza" un sitio no que comer ou tomar algo sen necesidade de coñecelo previamente, xa que achega puntuacións, prezos ou imaxes dos distintos establecementos, así como recomendacións e informacións dos amigos e usuarios. Isto último é o que diferenza a guía social da competencia, indican os seus promotores, "a capa social que terá".

A outra idea gastronómica presentada na xornada, a do proxecto Nextaste, veu da man de Juan Montes, en representación do grupo de creadores, e consiste nunha serie de ferramentas coas que calquera persoa que dispoña de acceso a Internet poida buscar suxestións e ideas á hora de preparar a comida. As persoas rexistradas poderán consultar receitas, comentalas, engadir outras receitas ou mesmo puntuar as de outros usuarios a fin de dar coas mellores combinacións e crear un grupo social en torno a usuarios de gustos semellantes.

Manuel Portela foi o encargado de presentar o proxecto Smartn@ture.com, unha plataforma de optimización de explotacións primarias que permite monitorizar as cordas das bateas onde os mariñeiros depositan os cultivos, para poder realizar un seguimento de maneira eficiente e cómoda dende un ordenador. A ferramenta tamén permite controlar o estado da auga en canto a temperatura e outros aspectos.

O cuarto e último proxecto da xornada foi o Sincita.es, presentado por Pablo Gómez, un portal de xestión de citas e reservas no que, mediante unha sinxela parametrización, permite que calquera tipo de negocio poderá teña o seu propio sistema de reservas na Rede.

Ao pé do canón

www.codigocero.com cumpre dez anos achegando información en galego das cousas dixitais que tanto nos gustan

A web de Código Cero cumpriu dez anos e, así, sobre o papel, parece que non é nada. O problema, ou a vantaxe, é que dez anos de vida real non son iguais que dez anos de vida dixital. Na Rede, sobrevivir é máis complicado. Imaxinade un mundo onde houbese que adaptarse cada mes a novas linguaxes, tendencias, modas e requirimentos das persoas que che escoitan: que se non lles gusta como dis as cousas, que se non lles permites dar a súa opinión, que se es un aburrido, que se non tes estilo, que se estás desactualizado levando a roupa que estaba de moda hai un par de meses. Pois así é un pouco a vida dun sufrido webmaster, e o de Código Cero non é unha excepción. A cousa ten un pouco de mérito, aínda que está moi mal que o digamos nós. Si, en realidade, está moi mal que o digamos, pero para emendalo prometemos convocar ás nosas avoas para que opinen de nós de xeito directo en vindeiros números. Xa sabemos o que van dicir. En primeiro lugar, aquilo de "eu xa o dicía". E, logo, é probable que demostren saber máis das redes que todos nós xuntos. Leas aparte, cómpre facer un pouco de memoria, que para isto estamos aquí: para ollar un pouco cara atrás entre tanto ollar cara adiante. Para comezar, cantos días ten Código Cero? Pois 3.652 días mentres se escribía este artigo. O cálculo non foi cousa doada: unha boa parte do equipo da redacción acabou batendo coas súas cabezas contra a parede. Semella que na cousa virtual todo o mundo se move coma un peixe na auga, pero á hora de contar cos dedos como manda a tradición, nada de nada.

A iniciativa, segundo nos recorda o noso director, Xosé María Fernández Pazos, naceu o 25 de xullo de 2001. O seu xermolo está nun programa radiofónico, que hoxe en día ten a súa continuación en Banda Ancha, da Radio Galega. Con estas cousas e outras moitas, e sobre todo grazas ás lectoras e lectores (son a elas e eles, en definitiva, a quen temos que felicitar polo acadado, e non elas/es a nós), a web é hoxe en día, e por desgraza, un dos poucos medios privados que quedan activos na Rede integramente redactados, de arriba a abaixo, en galego. E dicirmos "por desgraza" porque consideramos que ten que haber máis, moitos máis, deste ámbito temático e de tódolos restantes. De feito, se cadra si que nos tería que felicitar alguén por ser tan testáns ao longo deste tempo. Temos recibido todo tipo de propostas para facer contidos en castelán, non só dende empresas e internautas que non son galegos, senón que tamén dende xente de aquí. Pero a nós sempre nos puído un aquel de responsabilidade, un algo de compromiso social, cultural e tecnolóxico que comezou sendo unha cousa ben pouco definida (algo así como un movemento involuntario) para logo ir cobrando cada vez máis corpo, e iso que na casa Código Cero hai diferentes ideoloxías e puntos de vista políticos, pero niso si que estamos de acordo. E así seguimos, escribindo en galego de cousas ben modernas e innovadoras, se cadra pensando (un pouco inxenuamente, se cadra), que con isto tamén contribuímos a que perdure a lingua, normalizando o seu emprego en cousas novas.

Pero cómpre non enlearse, que estamos aquí para facer reconto. A web de Código Cero, para quen non o saiba, é hoxe o sexto medio de comunicación do país tralos principais xornais e a CRTVG, ocupando o posto 118.400 do mundo e o 2.250 de España (a raíz de datos do 20 de xullo). Cifras que supoñen un medre dun 28% no último ano en posición mundial, un 30% no último mes e un 36% nos últimos tres meses. E seguimos, falando agora de algo que nos gusta moito: os usuarios únicos. A cifra de xente que nos segue decote e que atura con paciencia as nosas enleadas e (por outra banda) naturais meteduras de zoca é hoxe en día de máis de 10.000. O noso portal, asemade, ten especial éxito en lugares ligados ao ámbito laboral e á educación, que é de onde proveñen a maioría das nosas visitas. Isto se cadra ten que ver co feito de que Código Cero atesoura certo carácter de divulgación e de apoio empresarial. Con toda probabilidade haberá na nosa terra un bo número de profesionais das TIC ou formadores que amosen a web de Código Cero como un exemplo de como facer ben as cousas... ou todo o contrario, que tamén pode ser. Por outra banda, somos un medio paritario. Con isto queremos dicir que nos ven homes e mulleres en case idéntica porcentaxe. A maiores, a páxina achega unha media de permanencia por usuarios duns 350 segundos. A estas cifras engádese o boletín que reciben diariamente 2.955 subscritores de xeito gratuíto, o que fai que se eleve o número de visitantes a 320.000 mensuais (datos de Advanced Web Statistics e mundiais de Alexa).

A diferenza doutros medios que usan o truco de mesturar galego e castelán para buscar unha posición mellor na Rede (xa que se prioriza o castelán en buscadores como Google, cousa por outra banda moi inxusta), o noso portal está escrito no cen por cento en galego, aínda que dispón de tradución automática ao español, posibilidade que cortesmente nos brindaron os compañeiros de Imaxin. Detrás de Código Cero, hai que recordalo, está un grupo de amigos cunha arela común: apoiar ao sector galego das TIC na medida do posíbel. Deste xeito, se algunha empresa ou entidade se sentiu nestes anos ofendida polo que se escribiu delas neste medio, dicir que a nosa intención viña sendo outra distinta, e iso que houbo ocasións, todo hai que dicilo, en que nos tivera gustado botar a lingua a pacer.

E xa que estamos nesta liña, aproveitamos nós tamén para enviar agradecementos. Este luns 25 de xullo cumprimos polo tanto 10 anos, cousa que foi posible grazas ao apoio de mais de medio cento de colaboradores que nos achegan o seu tempo e coñecementos para aproximar o internauta ao que se fai en Galicia e no mundo dende o ámbito TIC. Todo isto non sería unha realidade se non fose polo xeneroso apoio de empresas, organizacións, asociacións, institucións e administracións, que manteñen viva a chama deste proxecto pioneiro. Mil grazas por estes máis de 3.650 días de traballo, esforzo e ilusión e o noso desexo de ter polo menos tres mil días mais na nosa lingua.

O equipo de www.codigocero.com

10 anos,

Nos dez anos que leva operativa a páxin aparencia, adaptándonos aos cambio

A primeiros de 2001 podía escoitarse nas emisións da Radio Galega un programa sobre as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (con moita frecuencia chamadas Novas Tecnoloxías) que levaba por nome *Código*, e no que había un grande problema á hora de falar de novas da Internet: os enderezos das páxinas web eran moi complicados de dar pola radio. Para superar esa eiva, un dos colaboradores do programa creou un espazo na Internet a xeito de bitácora creada co xestor de contidos PHP-Nuke no que daba conta das novas tecnolóxicas da semana e que servía como plataforma para un boletín informativo de carácter diario e outro semanal no que se recollía un resumo en 4 páxinas maquetadas nun ficheiro PDF (para facilitar a súa impresión). Esta iniciativa acadou en poucos meses un galardón por parte da Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, o que legou aos involucrados no proxecto a dar un paso adiante, e convertelo nunha revista impresa, o que en 2002 forzou á adaptación da páxina web á nova conxuntura, cunha aparencia máis próxima á dos xornais, e publicada a través dun desenvolvemento propio, facendo un maior uso de apoio gráfico que no modelo anterior, e gozando dun deseño que facilitaba o envío das novas por correo electrónico nos boletíns diarios que medraban en popularidade superando en poucos meses o milleiro de subscritores.

Nos primeiros tempos codigocero.com acollía un boletín semanal en formato PDF que rematou dando pé a unha revista mensual en papel

Durante bastante tempo este molde resultaba axeitado para a web, pero cando o uso de monitores cunha resolución de 1.024 x 768 píxeles ou superior comezou a xeneralizarse, foi posible adaptar a páxina a un formato maior, de xeito que en 2006 demos o paso de remodelar a web e migrala ao xestor de contidos de código aberto SPIP, o que nos facilitou a publicación de imaxes de maior tamaño e incluso a integración da multimedia nalgunhas novas.

En esencia, ese sería a base da nosa presenza na Internet todo este tempo, pero en 2010 decidimos modificar o deseño da nosa páxina web, conservando o xestor de contidos, pero adaptando o formato dos artigos para poder acoller imaxes de maior tamaño (xa que as as

4 moldes

na web de Código Cero mudamos 3 veces a súa os tecnolóxicos e ás demandas dos lectores.

conexións de acceso á Rede son cada vez mellores, polo que a carga gráfica xa non supón un atranco para a consulta de páxinas web) e integrar a nosa publicación web nas redes sociais, de xeito que a portada de codigocero.com ofrece agora un carrusel fotográfico con novas destacadas (deixando clara a nosa vocación visual) e recadros de Facebook e Twitter que facilitan aos nosos lectores achegarse a nós nestas plataformas sociais. Tamén integramos a tecnoloxía de Facebook no sistema de comentarios da web, o que contribúe a establecer conversas máis *moderadas* que con sistemas de comentarios totalmente abertos á vez que protexe esta canle de comunicación da *publicidade non solicitada*. En definitiva, a nosa páxina web foi medrando e adaptándose aos tempos grazas, principalmente, á interacción cos lectores e cos moitos proxectos tecnolóxicos galegos que foron xurdindo nos últimos anos, deixando claro que en Galicia existe un sector TIC, e que dende Código Cero estamos orgullosos de servirlle de fiestra ao mundo.

Atendendo á demanda do público, tamén estamos a traballar na adaptación dos nosos contidos a novos soportes.

codigocero.com, vis

Xa que cumprimos dez anos na Rede, non quixemos deixar pasar a oportunidade de escoitar a algúns dos nosos colaboradores e compañeiros achegándolles aos nosos lectores os seus puntos de vista sobre o que significa codigocero.com para eles, as vantaxes que pon en xogo e, tamén, todas esas cousas que cómpre mellorar, que non son poucas.

Galego de vangarda

Anxo Lorenzo Suárez, secretario xeral de Política Lingüística

Quérome unir a esta celebración dos primeiros dez anos de Código Cero na rede. Dez anos consolidan xa unha andaina que se constrúe día a día, virtualmente, pero con esforzos moi reais, e que nos permite estar informados da tecnoloxía de vangarda en galego, manternos ao día da actividade das empresas de Galicia que apostan por estar á última, coñecer cada estrea tecnolóxica do ámbito internacional. Pero, ademais, Código Cero vén facendo un labor de divulgación constante de cada ferramenta e aplicación nova que aparece para facernos a vida máis fácil, ou máis apetecible, en galego.

Para os falantes e para as linguas, ver medrar contidos e espazos novos é alento para avanzar. Esta enerxía transportada en 0 e 1 vén ademais cunha frota de palabras e expresións novas para o tesouro do idioma. Hoxe, falar de banda larga, de ligazóns ou de contidos en liña é parte xa do noso vocabulario de cada mañá. E rede, rato ou descarga teñen xa novas acepcións primeiras.

Parabéns ao equipo de Código Cero. Precisamos proxectos punteiros coma este, que atenden o presente, que miran para o futuro e que aprecian e non renuncian ao mellor do que levamos construído colectivamente desde tempos inmemoriais.

A información puntual dos aconteceres TIC

Javier García Tobío, director do Centro de Supercomputación de Galicia

Hai xa dez anos que recibíra o primeiro número de Código Cero en formato periódico. A aparición desta publicación adicada ás TIC, en galego, viña a complementar a oferta deste tipo de información, que por entón xa fornecían a web de Vieiros ou a revista do CESGA, DIXITOS, entre outros. Pasando o tempo, algúns medios en galego especializados nas TIC, ou con aportacións significativas neste eido, sucumbiron ante as adversidades económicas, quedando na actualidade Código Cero como a publicación de divulgación e información das TIC no noso idioma, con maior tirada. Dende os seus comezos no ano 2001, eu veño recibindo e lendo o Código Cero, que segue proporcionándome información puntual dos aconteceres das TIC en xeral e en Galicia en particular. Vaian os meus parabens aos promotores da publicación, polo magnífico traballo que están a desenvolver e ó desexo de que CUMPRAN MOITOS ANOS MAIS neste empeño divulgativo das TIC en GALEGO.

ta polos demais

Fernando Suárez: "A web enche un baleiro en canto a información TIC"

Fernando Suárez é o presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia, CPEIG

-Que papel ten xogado a web de Código Cero no teu caso persoal como internauta?

-O certo é que son lector de Código Cero dende hai anos, tanto na súa edición impresa como na electrónica. Chegar á oficina e poder ler a primeira hora condensadas as últimas novas do sector TIC é todo un pracer. Este seguimento diario, que se converteu en toda unha rutina, permitiume estar ao tanto diariamente das novas máis salientables no noso sector, tanto a nivel internacional como nacional e cunha atención especial e permanente ao acontecido na nosa comunidade. Deste xeito téñome posto ao tanto de novas, acontecementos e eventos dos que de non ser por este seguimento non tería sabido. Neste punto gustaríame salientar tamén o seguimento particular que ten da nosa institución, o CPEIG, dende a que sentimos unha afinidade e cariño especial.

-E dentro do panorama comunicativo galego, que papel cres que ten desenvolvido?

Na miña opinión, Código Cero chegou para encher un baleiro en canto a información TIC na nosa comunidade e facelo dun xeito comprensible non so aos profesionais das Tecnoloxías da Información, senón a un público xeral. Malia a súa relativa xuventude, estes dez anos permitiron consolidar unha aposta decidida por un xornalismo próximo, menos institucional e máis vivo para constituírse nunha testemuña de excepción dos acontecementos nun mundo como o noso, en constante e frenética evolución. Debemos ser conscientes tamén de que non é doado sobrevivir nas circunstancias que rodearon aos primeiros pasos de Código Cero, cunha aposta moderna e diferenciada e moi enfocada a unha temática concreta, non sendo menos complicados os que vivimos actualmente, cando a crise bate con dureza tamén aos medios de comunicación.

-Que defectos (se os hai) e virtudes (de térense dado) atesoura a nosa páxina?

-As virtudes son moi numerosas. En primeiro lugar, destacar a profesionalidade dos xornalistas e colaboradores que forman parte do equipo que fan posible esta iniciativa. A liña editorial, a información contrastada e o deseño moderno e moi visual son cualidades a salientar.

Por outra banda resaltar o seu carácter 'multimedio', conxugando a aposta en Internet cunha publicación en papel gratuíta, que dinamiza o xornalismo e permite chegar a unha audiencia maior e máis variada.

Como *peros*, e por poñer algún, boto en falta unha maior participación dos lectores, que temos ao noso alcance a posibilidade de interacción, participación e bidireccionalidade a través das ferramentas devanditas.

En definitiva, neste décimo aniversario, quixera darvos as felicidades en nome do CPEIG polo voso traballo e os anos cumpridos, recoñecendo a responsabilidade que tedes acadado cos vosos lectores todos os membros do equipo.

Marcos Mata: "Pasamos dos boletíns a unha comunicación máis directa"

Marcos Mata é presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia (CPETIG).

-Que rol ten desenvolvido a web de Código Cero no teu caso persoal?

-Código Cero supuxo para min unha das primeiras fontes de noticias para a que empecei a empregar a sindicación de contidos. A continua actualización da información da Web fixo que pasase de estar suscrito ó seu boletín a consumir o seu RSS. Poderiamos dicir que como internauta supuxo pois comezar a abandoar de xeito paulatino os boletíns e optar por unha comunicación máis directa.

-E dentro do panorama comunicativo galego, que papel cres que ten xogado?

-Creo que Codigo Cero agora mesmo é o medio de referencia para a actualidade do sector das TIC en Galicia, empregando a coñecida frase, sería algo como "se non está en Código Cero, non ten ocurrido".

-Que defectos (se os hai) e virtudes (de térense dado) cres que atesoura a nosa páxina?

-Na miña opinión as virtudes ou fortalezas pasan pola súa continua actualización de contidos e pola pluraridade dos temas, trebellos, telefonía, novas de empresa, eventos, etc.

Canto a suxerencias, eu atrévome a pedirlle que incrementen a súa visión crítica. Creo que un sector como o noso acollerá de bo gusto as críticas productivas e a visión dos medios respecto ó noso traballo. E invito xa ó primeiro artigo, "O papel dos Colexios Profesionais no sector TIC", agardamos a vosa crítica para recoller ideas de cara a mellorar o noso traballo.

codigocero.com, vista polos demais

Jorge Cebreiros: "Botámola de menos cando non a vemos"

Jorge Cebreiros é o presidente da asociación empresarial galega Ineo

-Que papel ten xogado a web de Código Cero no teu caso persoal como internauta?

-Son moi poucas as publicacións en soporte papel especializadas en novas tecnoloxías, pero está claro que hai 10 anos, unha publicación como Código Cero era cen por cen exótica. Para todos nós, Código Cero ten sido un referente cando ninguén falaba de tecnoloxía e sen dúbida foi o medio que máis favoreceu á difusión (e á normalización) da Sociedade do Coñecemento. Serviunos ás empresas TIC para dar conta do que se estaba a facer, quen era o que estaba a traballar nunha cousa ou noutra e, para a nosa sociedade, coñecer mellor o que as TIC podía facer por ela.

-E dentro do panorama comunicativo galego, que papel cres que ten desenvolvido?

-Se a nivel nacional unha publicación TIC hai dez anos era exótica, en Galicia moito máis. Foi durante moito tempo a única. Houbo outras que o tentaron para, despois de 10 anos, seguir sendo a única revista sobre TIC en galego. Cos cambios precisos e coas adaptacións aplicadas de rigor, segue a ser o referente para todos nós.

-Que defectos (se os hai) e virtudes (de térense dado) cres que atesoura a nosa páxina?

-Como dixen, Código Cero soubo adaptarse ao paso do tempo. Primeiro como xornal, logo coa web, despois un deseño atractivo como é a revista actual. Esa foi sempre a súa meirande virtude. Pero tamén soubo afacerse e pórse na pel dos seus lectores, con contidos de interese tanto para o propio sector ou para o usuario de a pé, achegando a tecnoloxía, levándoa a unha linguaxe comprensíbel para todas e todos, onde non haxa ninguén que non se sinta recoñecido. Esa flexibilidade é a clave do seu éxito. Fíxose algo habitual na nosa contorna e que botamos de menos cando non a vemos.

Manolo Gago: "A web é un aperitivo diario que tomas con gusto"

Manolo Gago, profesor da USC e director de culturagalega.org, é autor do blog *Capítulo Cero* e promotor de patrimoniogalego.net, entre outras iniciativas en liña. Ten colaborado con Código Cero en múltiples ocasións.

-Que papel ten xogado a web de Código Cero no teu caso persoal como internauta?

-Pois é como un 'aperitivo' diario, que tomas con gusto porque che presta no corpo. :-) Non, agora en serio, o seu papel é de informador diario. O web de Código Cero cubre varios ámbitos nos que ofrece unha información de moita calidade, como é a cobertura informativa do sector TIC galego, no que eu creo que Código Cero é un referente imprescindible en Galicia, pero tamén porque é un magnífico 'procesador' de información internacional ao redor de temas que me interesan, como é o hardware, os gadgets ou o sector do entremento dixital. Neste sentido, Código Cero está ao nivel de moitas publicacións electrónicas de prestixio.

-E dentro do panorama comunicativo galego, que papel cres que ten desenvolvido?

-Pois un papel case único. Por desgraza, a información tecnolóxica en Galicia está moi desatendida e a penas se traslada aos medios de comunicación convencionais e, cando o fai, é porque algo está de moda (un novo lanzamento de Apple, ou así). Código Cero é o único medio, que eu coñeza, con perspectiva galega sobre a tecnoloxía e Internet, e iso convérteo nun valioso elemento do noso mercado editorial.

-Que defectos (se os hai) e virtudes (de térense dado) cres que atesoura a nosa páxina?

-Virtudes a gran cantidade de información diaria ofrecida, que revela un traballo inxente da redacción e unha dedicación moi profesional. Defectos, se cadra a falta de formatos diferentes que 'animen' e diversifiquen a experiencia da páxina.

Ánimo e moitos anos máis!

Javier Mouriño, director de Intermax Techonology

Dende grupo de profesionais da empresa Intermax que represento queremos felicitar o diario tecnolóxico de Galicia Código Cero polos seu 10 aniversario do portal web, será o vindeiro luns 25 de xullo, comezando a súa andaina do ano 2001. Para nos cáusanos admiración e sen dúbida un exemplo a seguir como una iniciativa emprendedora e de vangarda única en Galicia. Triunfadora e con continuidade sendo un medio de referencia galego e incluso a nivel nacional de comunicación do coñecemento sobre novas tecnoloxías e Sociedade da Información, dinamizando a divulgación e promoción do potencial de iniciativas e empresas TICs galegas, un sector na actualidade en auxe, fonte de emprego. Tamén quero salientar o éxito de estar preto da súa 100 edición impresa. Sen mais aproveitamos para animar e apoiar o equipo que forma Código Cero para que continúen na mesma liña,e a súa tarefa continúe durante moitos anos mais.

As nosas empresas TIC, na vangarda

Ineo danos a coñecer novos proxectos galegos de I+D+i aplicadas á saúde e á calidade dos produtos

• **CloudMU- Cloud Me Up "Tecnoloxías Integradas de Computación na Nube ó servizo da Empresa"** é un proxecto que conta co apoio do Fondo Tecnolóxico e que ten como obxectivo a creación dunha nube despregable e utilizábel por empresas, federábel con clouds existentes. Esta nube mesturará tanto a virtualización coma o Grid Computing a nivel de infraestrutura, e poderá soportar plataformas de desenvolvemento de aplicacións, facilitando ao mesmo tempo a migración de aplicacións existentes. Ademais, proporcionará garantías de calidade de servizo e seguridade con estándares de empresa, en tódolos niveis de servizo.

• **Desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica para a educación do persoal sanitario baseada en dispositivos multimedia móbiles.** O obxectivo deste proxecto é facilita-la formación continua do persoal sanitario mediante o acceso á información multimedia no propio lugar de traballo. Deste xeito, será posíble o acceso mediante contidos multimedia avanzados e explicacións sobre procedementos e técnicas sanitarias coa axuda dun titor virtual. O emprego destas tecnoloxías mediante móbiles como elemento condutor do aprendizaxe permite identificar os elementos presentes no contexto de traballo ofrecendo información e recursos educativos. Ámbolos dous están a ser desenvolvidos pola empresa **Ednon** que dende o 2009 está a realizar diferentes proxectos de I+D+i no eido da realidade aumentada ou no cloud computing, entre outros.

• O proxecto **Acompaña** está orientado ao desenvolvemento dun sistema de información en tempo real para familiares e acompañantes de pacientes que acoden a servizos de urxencias. A información que proporciona Acompaña, a partir dun código que o familiar ou acompañante pode empregar para realizar o seguimento do paciente, é totalmente confidencial e non é de carácter clínico, senón que está relacionada co seguimento do paciente en relación a tempos de espera, probas das que está pendente, probas xa realizadas, alta ou ingreso no centro…

Acompaña, nestes momentos en fase piloto, xurdiu a raíz das carencias detectadas entre usuarios/as de urxencias de máis de 70 hospitais, nas que se apuntaba á necesidade de mellorar a información que se lles achega neses centros tanto a pacientes como a familiares/acompañantes. Destas enquisas, extraéronse, entre outras conclusións, a de que o grado de satisfacción dos usuarios/as de urxencias depende fundamentalmente de mellorar a información, mesmo por riba doutros parámetros como o do tempo de espera.

Balidea, xunto con **FBA Consulting**, iniciou o desenvolvemento de Acompaña, un sistema deseñado para a súa utilización vía pantallas táctiles, que proporcionan información ao introducir un código personalizado que se xera na entrada a urxencias, e tamén vía SMS.

• O proxecto creado e desenvolto entre a empresa **Pexego** e o Centro Tecnolóxico Lácteo consiste na creación dunha serie de aplicacións tanto para dispositivos móbiles como portais web debidamente interconectados que procuran dar solución a unha total evolución na oferta do coñecemento que se lles presenta aos consumidores acerca dos produtos, as súas propiedades, alérxenos, información nutricional e a súa trazabilidade na elaboración dos mesmos. O usuario mediante o uso do móbil co programa axeitado pode enfocar ao código QR do envase do produto e este devolveralle a información da que se fixo referencia antes, ademais se o usuario ten creado un perfil coa información de alimentos que non pode tomar ou que é recomendable que non tome, a aplicación avisaralle de tales riscos.

O código QR (siglas derivadas de Quick Response) é un dos estándares do que se veu a denominar "código de barras bidimensional". O código QR é capaz de conter información en ámbalas direccións (verticalmente e horizontalmente) a diferenza dos tradicionais códigos de barras, ademais este tipo de código ten a capacidade de corrixir erros, é dicir, pódense restaurar os datos se parte do código está danado ou manchado ademais de que pode ser lido a alta velocidade dende tódalas direccións (en 360º), isto é debido a que posúe uns patróns que permiten detectar a posición do código.

Wuaki.tv: novos camiños para o cinema de aluguer

Presentado un novo servizo de videoclub en liña que inclúe clásicos de balde

Aqueles que hai uns anos agoiraron a desaparición dos videoclubs por ofrecer un servizo que en pouco tempo ficaría obsoleto perante a chegada das novas tecnoloxías, non tiveron en conta que esta actividade de negocio só tería que adaptarse ás novas demandas dos seus clientes para seguir funcionando, e tal e como fixeron outros negocios, cambiaron a súa sede física por unha sede virtual que fose quen de entrar nos fogares dos demandantes sen chamar.

É o caso de Wuaki.tv, un servizo de videoclub en liña que se acaba de presentar en España, deseñado co obxectivo *"de cambiar un pouco os hábitos do público español"*, sinalan, e que pode que non consiga que se deixen de descargar películas a esgalla, pero que convocará a un bo número de xente a pagar por elas, en virtude deste servizo, a uns prezos máis razoables cós de outras propostas semellantes, aínda que non tanto como sería de desexar.

O director de Wuaki.tv, Jacinto Roca, era investidor de capital risco nos Estados Unidos, onde coñeceu Netflix, un servizo de consumo de vídeo en liña por subscrición que, ao igual que a súa plataforma, destaca *"pola facilidade de uso, comodidade e oferta de contidos"*, asegura.

Este servizo, nacido hai dúas semanas, é froito de máis de dous anos de negociación coas majors e distribuidoras locais de todo o mundo, e conta cun catálogo inicial de máis de 1000 películas e series, das cales, o 30 por cento son de produción española.

Os prezos das pezas oscilan entre os 3 e os 5 euros para as estreas e ata de balde no caso dalgúns clásicos, que de optar polo aluguer, o usuario ten dereito a ver o contido tantas veces como desexe durante 48 horas.

No tocante aos prezos de compra, as cifras que se barallan son similares ás dos DVD de estrea: do redor de 20 euros, unha cantidade ben pouco atractiva para o cliente final que en nada axudará a solucionar os problemas de entendemento entre a gran industria do cinema e os usuarios, e máis aínda se temos en conta que tan só se está a pagar por unha descarga no ordenador ou (proximamente tamén) nas tablets Android e iPads.

Algúns dos filmes que xa se poden ver de balde, por cortesía de BBVA, son Cuatro vidas, El viento se llevó lo que, Batalla en Seattle, El último testigo ou a máis recente, Historias de Manhattan, unha comedia romántica baseada en dous relatos da escritora norteamericana Melissa Bank.

A Wuaki.tv pódese acceder xa a través dun ordenador con conexión a Internet ou mesmo dende os últimos televisores das firmas Samsung e LG, así como dende Smarty, unha caixa deste último fabricante que permite navegar por Internet dende as teles máis antigas.

No seu equipo, esta firma de 20 empregados chamada a cambiar o panorama audiovisual actual, conta con dous grandes da industria audiovisual española: José Montelón, antigo responsable da unidade de negocio dixital de Filmax, como director de contidos, e Gorka Angulo, de Sony Pictures, que será o director de marketing da empresa.

Empresas a tiro fixo

Páxinas Galegas actualízase cunha ferramenta de xeolocalización que inclúe máis de 120.000 referencias

A empresa de servizos de busca, Páxinas Galegas, con sede en Vilagarcía de Arousa, vén de modernizar o seu sistema de emprazamento de empresas, produtos e servizos no mapa, integrando unha ferramenta (feita con software de seu) que utiliza tecnoloxía de xeolocalización.

Trátase dunha aplicación específica para as plataformas iPhone e Android, que permite acceder de balde a máis de 120.000 referencias xeolocalizadas en toda Galicia, de xeito doado e rápido.

Segundo afirmaron os desenvolvedores durante a súa presentación, que tivo lugar a mediados de xuño en Santiago de Compostela, *é a "primeira ferramenta destas características realizada integramente en Galicia"*, da que destaca a súa efectividade, o seu emprego intuitivo e a calidade da información.

A principal vantaxe desta ferramenta galega é a potencia e fiabilidade da súa base de datos, froito de moitos anos de experiencia no sector, que lles permitiron aos seus creadores realizar unha aplicación *"de suma eficacia e máxima concreción"*, tal e como afirmou o xerente de Páxinas Galegas, Francisco Díaz.

As persoas asistentes á presentación desta ferramenta virtual puideron presenciar unha demostración in situ do seu funcionamento, podendo comprobar, de primeira man, a súa utilidade e a capacidade de detalle que ten en calquera entorno urbano.

A aplicación, que se presenta en castelán e inglés, aínda non ten perfeccionada a súa versión en galego, cousa que Páxinas Galegas ten o obxectivo de abordar e ultimar, pese aos problemas de compatibilidade que, sinala a firma, achegan os soportes de Apple e Android cara a nosa lingua.

Como dixemos, a presentación do desenvolvemento incluíu unha demostración participativa dalgunhas das principais vantaxes do produto, probadas a fondo sobre un iPad e comezando cunha procura de negocios na contorna do espazo da presentación, o Hotel Araguaney de Santiago. Tal e como se puído comprobar, a aplicación de Páxinas Galegas achegou unha manchea de opcións, en listaxe e no mapa, indicándose o punto exacto no que se atopa cada empresa, o nome e a actividade. Amais disto, amosouse o amplo potencial da ferramenta alén da busca empresarial propiamente dita, facéndose saber en cada resultado a distancia para chegar a cada punto e o traxecto máis curto para facelo: caixeiros de banco, administracións, farmacias (indicándose cales están de garda), restaurantes e bares, lugares de interese turístico, talleres, teléfonos de urxencia, etc.

Páxinas Galegas tamén incidiu noutra das grandes vantaxes do aplicativo: achégasenos a opción de personalizar mapas, grupos e listaxes, e, previo rexistro, permítesenos dar opinións e notas persoais (que só veremos nós) sobre as empresas e servizos incluídos.

Páxinas Galegas tamén aproveitou este acto para anunciar que levará a cabo diversas accións de marketing dende a propia aplicación, que inclúen o sorteo dun iPhone entre os usuarios e usuarias que deixen comentarios sobre as empresas xeolocalizadas a través da ferramenta.

Con esta nova aplicación, a empresa de Vilagarcía, cuxa web é a sétima de Galicia en número de visitas (cunha media de 40.000 usuarios únicos diarios e 125.000 páxinas vistas ao día), dá un paso máis á fronte na súa aposta pola dixitalización e modernización dos seus servizos.

A viaxe que rende

A galega Own the way pon en marcha un portal-comunidade sobre audioguías turísticas

A empresa galega Own the way, especializada na producción de material tecnolóxico-audiovisual para o pulo de destinos turísticos e espazos culturais, presentou este verán o seu espazo web sobre audioguías. Entre outras cousas, o sitio servirá para informar polo miúdo da aplicación de Own the Way dirixida ao deseño de audioguías para os sistemas operativos Android e iPhone, programas de manexo de trebellos móbiles. Esta experiencia, materializada xa na produción de material turístico sonoro para concellos de Covelo, Santiago, Padrón, Forcarei ou Baiona, está visible a partir de xa na páxina www.owntheway.com, un portal que, como dixemos, encamíñase á comercialización e descarga destas audioguías e, tamén, ao subministro doutros recursos de información turística e cultural.

En palabras dos responsables da empresa galega, *"a través deste portal os usuarios poden ter acceso directo a este material tecnolóxico e compartir as súas propias guías cos demais usuarios"*.

A web, que ten o apoio da Xunta a través da Consellería de Economía, constitúe un acceso directo á experiencia e innovación de Own the way, unha experiencia e innovación que se traduce en guías de son para reprodutores mp3, puntos de información multimedia, material explicativo de museos, podcast, navegadores GPS Garmin con función de reprodución mp3... en definitiva, para calquera dispositivo con capacidade para reproducir audio.

Dáse a casualidade de que os recursos da firma galega postos a disposición dos internautas participan dunha boa parte das características da Rede do noso tempo, a que propón un diálogo directo cos seus usuarios para a súa construción. Desta maneira, Own the way concibe ao usuario como o protagonista da súa propia experiencia, sendo a ela ou a el a quen pertence a visita. *"Promover e transmitir sensacións fronte ao contorno é o obxecto das nosas audioguías, amais de empregar para cada paso a tecnoloxía máis acaída"*, comentan os responsables da empresa galega. Froito deste interese por facer algo orixinal e dinámico é a arela de apostar por unha tecnoloxía *"única e entretida que se poña ao servizo dos contidos co obxectivo último de crear experiencias"*, engaden. Isto non sería posible sen un equipo humano que cubrise con o seu coñecemento especializado tódolos elos da cadea de valor. De feito, na produción destes recursos audiovisuais participan persoas das máis variadas disciplinas: guionistas, tradutores, documentalistas, técnicos de son, tecnólogos, programadores, locutores, etc. O resultado de toda esta bagaxe tecnolóxica e humana é unha chea de guías sonoras para as máis diversas funcións e cometidos, entre os que se conta a promoción de espazos naturais, urbanos, museos, percorridos a pé, itinerarios en automóbil, reprodutores mp3, smartphones, tablets iPad e Android, etc.

Cada guía posta en marcha, explican, leva parello o desenvolvemento dun variado abano de servizos de tipo complementario, como por exemplo unha páxina web para a difusión do material sonoro e a súa descarga, o desenvolvemento de mapas e folletos co trazado da ruta ou o deseño de contidos en realidade aumentada. Tamén implica, entre outras moitas cousas, a definición de rutas e máis a identificación de puntos de interese (POI) relevantes.

Polo que se refire ao portal www.owntheway.com, dicir que é punto de información de primeira orde sobre isto que acabamos de contar. A web, posta en marcha recentemente, xorde coa finalidade de abranguer e centralizar o importante número de audioguías existente na Rede e converterse nun punto de referencia á hora de descargar este tipo de recursos de calquera destino ou espazo de interese cultural. A orixe da web, contan os responsables da mesma, haina que procurar en 2008, cando a empresa galega comezou a desenvolver o seu primeiro material de apoio turístico de tipo tecnolóxico, trala constatación dun importante baleiro: a dun sitio de referencia no que consultar e descargar o xa publicado. Así nolo explican: *"Un turista ou un visitante dun espazo cultural víase obrigado a buscar pola rede audioguías publicadas en webs de información turística ou cultural, sen que existise un punto de partida concreto que facilitase a súa procura; polo tanto, Own the way naceu co obxectivo de aglutinar e crear unha comunidade de usuarios de audioguías, un espazo ao que acudir antes de iniciar unha viaxe ou unha visita e desde o que poder descargar no reprodutor de cada quen (móbil, mp3 ou GPS) a guía en audio"*.

Cómpre subliñar que a web é unha estrada en sentido duplo. De feito, non é un sitio no que facer só descargas, senón que tamén é posíbel que os usuarios suban as súas propias audioguías e as compartan cos demais. E todo isto cumprindo ao máximo co regulamento vixente en materia de protección de datos. Amais disto, en cada itinerario temos a oportunidade de facer comentarios e recomendacións de xeito que, paseniño, se vaia mellorando cada achega, amais de complementarse a oferta informativa sobre cada percorrido.

"Só con se rexistraren", contan os impulsores deste proxecto, *"os usuarios poden acceder a información detallada das rutas publicadas; poden atopar mapas dos percorridos, arquivos GPX para os seus navegadores GPS, arquivos de audio en diferentes idiomas (inglés, francés, galego, castelán…)"*.

Por certo que cada ruta faise acompañar dunha galería de imaxes e dun mapa exhaustivo no que se achega unha visualización dos principais puntos de interese (POI) da ruta xeorreferenciados.

Eficacia extra

HP presenta novos produtos para mellorar o rendemento das compañías

A compañía tecnolóxica HP, dentro da súa estratexia a prol da mellora e optimización do rendemento dos activos tecnolóxicos das compañías de todo o mundo, de tódolos sectores, vén de presentar a súa nova suite HP IT Performance, que abrangue un amplo abano de servizos para realizar os seguimentos axeitados en cada empresa.

Máis polo miúdo, a suite inclúe tódolos procesos tecnolóxicos esenciais de xestión e análise continua dunha empresa, que van dende as operacións cotiás, ata o goberno da información, pasando pola xestión do ciclo de vida das aplicacións e a seguridade dos datos.

Con este lanzamento, HP actualiza considerablemente o seu portfolio, o cal evolucionou dende a automatización e a optimización de TI, cara a mellora da eficacia e máis o rendemento para o negocio, combinando os novos compoñentes de seguridades, xestión da información e solucións analíticas, respecto dos produtos que se incluían na anterior suite: a HP Business Technology Optimization (BTO).

Agora, grazas á mellorada e renovada gama de produtos de HP IT Performance Suite, a compañía ofrece "unha valiosa información en tempo real e un maior control sobre os seus investimentos en TI", afirman, que proporcionan a confianza necesaria para que o empresario invista en innovación.

A nova suite inclúe familias completas de produtos para as áreas de Estratexia, Plafinicación e Goberno de TI, así como para a xestión do ciclo de vida das aplicacións e as operación relacionadas coas TIC no seo da empresa.

Asemade, inclúe o novo HP IT Executive Scorecard, cuxo obxectivo é axudar a mellorar o rendemento de TI, proporcionando aos CIOs unha visión completa das solucións que achega e permitindo optimizar todo tipo de aplicacións e operacións do eido da seguridade e a xestión da información.

En definitiva, trátase dun amplo abano de produtos tecnolóxicos que lle permitirán aos seus usuarios realizar con éxito as tarefas de control de rendemento das operacións nas súas empresas.

O HP TouchPad xa pode adquirirse no Reino Unido

Este mes de xullo comezou co agardado tablet HP TouchPad á venda nos EE.UU., e aínda que en España teñamos que agardar ata setembro para poder facernos con un a prezos de 479 e 579 euros para os modelos con 16 e 32 Xb de almacenamento respectivamente, os máis impacientes xa poden optar por facerse con el no Reino Unido, onde o dispositivo con webOS vén de pórse á venda por 399 e 479 libras esterlinas respectivamente (uns prezos só lixeiramente máis económicos que en España).

O HP TouchPad presenta unha aparencia externa moi semellante ao do iPad, co que comparte bastantes características técnicas, estando a principal diferenza entre os dispositivos no software, destacando HP que o seu produto goza de multitarefa real, soporte de Adobe Flash e a posibilidade de imprimir sen fíos con multitude de impresoras HP compatibles. Máis datos en www.hp.com.

Cousas feitas dende aquí

Achegamos a nosa ración mensual de innovación galega na vangarda do mundo

Xopers.com: a rede social sobre comercio en liña

Cómpre quedármonos con este nome: Xopers.com. E cómpre facelo por varios motivos, comezando por un que consideramos de peso: trátase de algo desenvolvido dende a nosa terra. Máis en detalle e segundo contan dende SectorTICGalicia, estamos perante unha nova rede social de raizame galega, a engadir a experiencias de éxito demostrado como Cabozo ou ikiMap, e que busca apoio nun elemento que non sempre é doado de atopar ou de ver: a utilidade. Sobre isto, a utilidade de Xopers.com semella tamén probada. De feito, baséase en algo no que case todos estamos metidos pero que é grande e complexo de máis como para movérmonos con total confianza. Falamos do comercio electrónico, unha lea que grazas a Xopers semella máis doada.

A rede xorde coa fin de dar acubillo a quen queira publicar produtos que atope pola Internet e dalos a coñecer a quen teña os mesmos gustos. Estas afinidades lógranse co simple feito de concorrer na rede social, xa que cada vez que merquemos un produto nunha tenda en liña achegaremos información sobre os nosos gustos.

Todo isto que sobre o papel non parece ter moita importancia, si que a ten para os que veñen detrás, os internautas de tendencias semellantes que andan a procura de guía e consello. Segundo se fai saber dende Xopers.com, todo comprador soe ter inclinacións previas, fiábeis para outros compradores, polo que estariamos a falar dunha información de moito valor para persoas con gustos semellantes. Esta é a clave de Xopers.com: tirar proveito do devandito con feitura de seguimentos. Así, quen estea rexistrado, pode ver o que fan outros membros para constituír deste xeito as súas propias listaxes persoais, que lles recomendarán a continuación outras posíbeis compras.

Iván Fociños e Javier Sousa, fundadores de PéZcalo

PéZcalo abre as súas portas virtuais

A primeiros de anos soubemos que Javier Sousa e Iván Fociños estaban a desenvolver unha páxina web de artigos de pesa deportiva chamada PéZcalo, que buscaba converterse en referente do mercado á vez que ofrecer contidos sobre o seu sector, proxecto que durante estes meses puido seguirse a través dun blog, en marzo deu os seus primeiros pasos a través dunha tenda en Facebook e acadou o apoio de Xes-Innova (cunha achega de 100.000 euros), pero agora chega á súa primeira meta ao estrearse oficialmente na web dende PéZcalo.es, vémolo en www.pezcalo.es.

Este proxecto nacido na Costa da Morte bota a andar así con forza, cun cadro de persoal de 6 traballadores a tempo completo e 3 a tempo parcial, que segundo o seu socio xerente, Javier Sousa, ten como obxectivo non só "ser a mellor tenda en liña de produtos de pesa, senón ser o mellor sitio de pesca do mercado español", asegurando sen complexos que "queremos ser o Barrabés da pesca". Pola súa banda, Iván Fociños engadiu que "non se trata só de vender, queremos gustar, crear comunidade, compartir información, que cada visita sexa para os nosos clientes unha experiencia memorable", e precisamente por iso, PéZcalo conta, entre outros contidos, co blog Coto de PeZca no que recollen novidades do sector, as últimas tendencias en pesca deportiva, trucos e consellos dos expertos. PéZcalo conta ca cun catálogo con máis de 6.000 referencias, acepta os principais métodos de pagamento e destaca por permitir que para pedidos de máis de 150 euros poida empregarse un sistema de pagamentos a prazos a través de Cofidis. Os produtos chegarán á casa do comprador en menos de 10 días, podendo o usuario elixir o momento do reparto e coa posibilidade de mudar o enderezo ou a hora de entrega a través dunha SMS. Para fidelizar aos seus clientes PéZcalo conta cun Club Pezcalero, que servirá para que cada compra acumule descontos e no caso de insatisfacción cos produtos recibidos poderán realizarse devolucións de balde (facendo uso dun moedeiro virtual nesta plataforma). Para celebrar a inauguración de PéZcalo.es, veñen de estrear un vídeo publicitario deste proxecto galego de comercio electrónico que busca reflectir así a súa filosofía corporativa.

Ednon, recoñecida polo seu labor en seguridade de datos

A empresa santiaguesa Ednon, especializada en servizos avanzados de tecnoloxías da información e a comunicación, vén de ser obxecto dun importante recoñecemento ao que só un relativamente reducido firmas do panorama internacional teñen acceso. Trátase da certificación ISO 27001, unha acreditación que entre outras cousas avala o bo facer da firma galega en materia de seguridade da información e de cumprimento da lexislación vixente sobre datos persoais e propiedade intelectual, xestión de riscos e continuidade de negocio.

A certificación foi entregada á empresa Ednon o pasado venres 8 de xullo nun encontro celebrado na sede da firma no que participaron Gustavo Horn, conselleiro delegado de EQA España (entidade inglesa especializada na emisión destes avais), e máis Francisco Bao,

Entrega da certificación ISO27001 á empresa Ednon

presidente executivo de Ednon. Segundo fai saber a firma galega, "a obtención desta certificación permitirá a Ednon forma parte do reducido grupo de empresas españolas do sector das TIC que posúe as cinco principais acreditacións de calidade, ISO 20000, ISO 27001, CMMI, ISO 9000 e ISO 14001)".

En palabras de Francisco Bao, "esta certificación permitiranos garantir ós nosos clientes un mellor servizo e poderán confiarnos os seus datos con total tranquilidade, xa que serán tratados coa máxima confidencialidade".

Training Channel aposta pola formación de desempregados

Calquera cousa que se faga para facilitar o vieiro sempre complicado de atopar traballo, benvido sexa. Se ademais, o proceso pode facerse de xeito paralelo e complementario ás restantes tarefas que desenvolvemos ao longo do día, liberándonos de desprazamentos e participacións in situ, entón mellor que mellor. É nesta liña de facilitar as cousas e tirar o máximo partido das redes dixitais na mellora dos currículos, onde se move a nova iniciativa da empresa galega Training Channel, o Proxecto Crisálida, unha proposta de tipo social, de balde, que lles ofrece ás persoas en paro todo tipo de servizos TIC de formación profesional.

Segundo fai saber a empresa, a iniciativa responde a unha responsabilidade asumida na firma dende hai tempo: apostar polo talento e a formación accesíbel para todas e todos nuns tempos, os que vivimos, en que se multiplican os atrancos para atopar traballo. O proxecto, dirixido polo tanto a persoas desempregadas, semella responder de xeito pleno á filosofía da economía solidaria, dous conceptos que teoricamente non casan pero que, tal e como nos fixo saber os días pasados Ineo, encaixan mellor do que parece.

Sobre o caso concreto de Crisálida, o que se pretende é amosar que as empresas poden cooperar coa sociedade achegando algúns dos seus servizos de xeito desinteresado.

Crisálida enfócase a tódalas canles da grella de Training Channel: Tecnolóxico, Ofimático e Inglés. As persoas interesadas no proxecto deberán seguir os perfís oficiais da empresa galega en Facebook e Twitter, onde se irán publicando cada semana as ofertas de cursos e as prazas dispoñíbeis para desempregados.

Ferramenta para a diagnose do consumo enerxético das PEME

Na terceira semana de xullo presentouse na Coruña o servizo de Diagnose Enerxética on-line para Pemes, ao que xa se pode acceder xa na páxina web do INEGA, www.inega.es. Esta ferramenta permite facer diagnoses enerxéticas en liña adaptadas ás particularidades de cada empresa, contribuíndo deste xeito á identificación de medidas concretas de eficiencia enerxética. A aplicación ten como principal obxectivo facilitarlles ás PEME galegas a posibilidade de facer unha diagnose dos consumos enerxéticos asociados ao seu proceso produtivo, ao tempo que se lles ofrecen recomendacións destinadas a mellorar a eficiencia enerxética. Asemade, constitúe tamén unha nova fonte de datos estatísticos, axeitados para analizar a implantación das medias de aforro e eficacia e do uso das renovables, nos sectores económicos estratéxicos de Galicia.

A aplicación ten dous niveis, un básico e outro especializado, e contén doce bloques temáticos, seleccionados segundo as principais necesidades manifestadas polas PEME, que neste caso concrétanse en: facturación enerxética, consumo térmico, iluminación, instalacións eléctricas, aire acondicionado, frío industrial, climatización e auga, transporte, enerxías renovables e alta eficacia, mantemento, etiquetaxe enerxética e formación. Deste xeito, o novo servizo de auditoría en liña adaptarase ás necesidades e aos coñecementos específicos do usuario, e pode ofrecerlle solucións concretas.

A nova aplicación, en cuxo desenvolvemento traballou arreo o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG, con sede na Coruña), preséntase como un recurso especializado para dar asesoramento ás PEME, sendo a súa principal vantaxe a capacidade de adaptación a todo tipo de empresas e perfís de usuarios, dende un nivel básico a un perfil altamente cualificado.

Presentación da segunda fase do proxecto de alianzas no software de EGANET

EGANET impulsa as alianzas no sector do software

A cooperación, algo que vale dende hai séculos para obter o máximo rendemento do noso traballo, tamén é un dos piares básicos da actividade tecnolóxico-dixital. No caso galego, onde non predominan as grandes empresas senón as de mediano e pequeno tamaño, a estratexia do traballo en común aínda colle máis corpo. Isto sábeno dende EGANET, onde se está a abordar a segunda fase dun proxecto que convida e asesora ás nosas empresas no proceso de fusión e establecemento de cooperacións e alianzas empresariais.

Cómpre non buscar o obxectivo desta iniciativa nas máis modernas e avanzadas estratexias de acción empresarial. A cousa, como dixemos, vén de antigo: máis mans para un mellor e máis eficaz resultado.

A iniciativa, que se dirixe a entidades galegas de software e de contidos dixitais, xeralmente de reducidas dimensións, está neste intre no seu ecuador. A recta final será en setembro, cando entre en funcionamento a terceira e última fase do proxecto, encamiñada á consecución do afianzamento das alianzas co apoio e colaboración de profesionais cualificados e sen custos para os participantes.

Segundo informa EGANET, a mediados de xullo deuse comezo á segunda fase da estratexia, chamada A Cooperación Empresarial: As Alianzas Estratéxicas.

Detrás desta iniciativa atópase, como dixemos, EGANET, que conta co apoio da Consellería de Economía a través de BIC Galicia. A xornada de apertura da segunda fase comezo con resultados produtivos, sinala a asociación.

Como se dixo, o obxectivo deste novo proxecto é loitar contra a atomización do sector TIC galego e conseguir, mediante da cooperación e as alianzas, que as empresas gañen volume, diversifiquen tanto mercados como produtos/servizos e melloren a estrutura de capital.

Galeguiz

A nosa cultura abrolla en múltiples ini

Iniciativa para que Google dedique o seu logotipo ás Letras Galegas

Con certa frecuencia o buscador Google muda o seu logotipo durante 24 horas para conmemorar algunha celebración tanto a nivel mundial como de ámbitos máis locais no que se coñece como *doodles*. Deste xeito, dende o Día da Nai ata o aniversario de Les Paul ocupan un lugar destacado no buscador de Google, pasando por moitas das grandes festas nacionais, o que inspirou unha nova campaña que toma forma en GalegoLab, e que persegue que Google dedique o seu logotipo ás Letras Galegas durante a edición de 2012 de tal celebración. O proxecto pretende comezar preguntando a Google sobre o proceder para poder conseguir tal recoñecemento da conmemoración cultural máis importante de Galicia, para despois realizar unha petición formal e difundir a campaña a través das redes sociais para conseguir un importante volume de adhesións, o que redundaría no prestixio da nosa lingua.

Guía de instrumentos tradicionais con material interactivo

Os novos formatos, con tódalas súas vantaxes para chegar a tódolos recantos da sociedade, seguen a ser unha boa aposta comunicativa para a nosa cultura tradicional. Así o ten máis que asumido o selo galego Ouvirmos, que vén de publicar a *Guía didáctica de instrumentos galegos* tirando partido, precisamente, dun bo número de recursos relacionados coas novas canles do coñecemento. De feito, trátase dun libro-CD cunha manchea de fotografías (100), pistas de audio acompañando as descricións dos instrumentos (40) e unha pista interactiva en formato web "*con múltiples recursos e un obradoiro para a construción de instrumentos sinxelos*", informan os responsables do selo.



A guía, que vén da man de Moisés Quintas, achega ademais un pormenorizado repaso pola historia da nosa música tradicional a través das nosas gaitas, pandeiretas, zanfonas, bombos e demais, achegando descricións exhaustivas dos mesmos, as súas partes, a súa etimoloxía, orixe e evolución.

Os castros galego-portugueses, na Rede e en 3D

Cada pouco tempo (no eido TIC, cada moi pouco tempo) abrolla na nosa terra un servizo ou tecnoloxía feito para perdurar. Dáse a circunstancia de que canto máis ligado estea este servizo ou tecnoloxía ao propiamente noso, ao que nos singulariza, amplíanse as posibilidades de prevalecer e medrar. Un exemplo disto é a Guía Interactiva de Castros de Galicia e o Noroeste de Portugal, xa podemos vela en creativacultural.com/castros, unha iniciativa que, como o seu propio nome indica, diríxese a tirar partido das novas tecnoloxías para informar polo miúdo de algo que irá para sempre unido á memoria e ao legado das galegas e galegos: os castros.

Estes símbolos do noso, en clave dixital, foron presentados o pasado mes de xuño na Illa de San Simón

da man dos responsábeis do proxecto galego-portugués Creativa. A guía foi impulsada pola Escola Superior de Enxeñaría Informática de Ourense, co profesor Celso Campos liderando o programa e as achegas de Redegal e Novomilenio.

O servizo, entre moitas cousas e para que nos vaiamos facendo unha idea do que pon en xogo, subministra navegacións en tres dimensións por algúns dos nosos emprazamentos castrexos máis importantes (unha ducia no intre da súa presentación) facendo especial fincapé nos galego-portugueses, sendo os restos arqueolóxicos destas poboacións unha das moitas cousas que nos unen como pobos irmáns.

O sistema de navegación, informa Redegal, baséase en Google Earth para achegar, polo miúdo e en todo detalle, un bo número de datos etnográficos e culturais en diferentes formatos (modelos, vídeos, imaxes, comentarios) sobre os nosos xacementos castrexos. Ao abeiro desta iniciativa, na que tamén participa AGADIC (que foi quen organizou a presentación na Illa de San Simón), cóbrense xa en 3D e con tecnoloxía de navegación xeoposicionada até 20 poboados galegos e 25 do norte de Portugal. O programa Creativa remóntase a finais de 2009, cando se puxeron os alicerces dun importante número de actividades conxuntas de tipo cultural, audiovisual, tecnolóxico e gráfico.

Meubook edita en formato electrónico o dicionario de frases feitas

As conversas de ascensor, de enterro ou de consulta do dentista tamén se poden dicir en galego e coa retranca marca da casa. Isto sabémolo ben: quen máis quen menos, por moito que criticase a rutina das frases feitas, meteuse algunha vez na enleada de falar do tempo ou de que non somos ren, e cousas polo estilo, ao non contar con nada máis interesante que dicir. Con todo, de facelo, mellor facelo ben, propiamente e na nosa lingua. Para axudarnos, o selo meubook .com vén de editar en formato electrónico o Dicionario Fraseolóxico bilingüe castelán-galego,, importante ferramenta de consulta para falar de maneira axeitada cando precisamente, falamos por falar.

A obra vén da man de Xosé Antonio Pena, e xa se pode mercar. Segundo conta A Nosa Terra, só está dispoñíbel polo de agora en forma electrónico, pero non se descarta unha achega futura en papel. O seu prezo é de 30 euros, e recolle máis de 8.500 expresións, frases feitas e xeitos dicir en idioma castelán e 25.000 na nosa lingua. Para a realización

tando 2.0

a ao longo deste verán ciativas dixitais

do traballo, Xosé Antonio Pena empregou de alicerce un traballo previo de seu, o *Dicionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*, de 2001.

Coa súa nova achega, póñense en xogo unha serie de importantes actualizacións, ampliacións de fondo e mesmo novas funcións, como o feito de que se nos permita coñecer a fonte da que abrolla cada expresión ou frase feita. Unha das grandes vantaxes do traballo, alén de amosar a amplitude do mundo das frases feitas (moito máis amplo do que se pensa), é que posibilita a reivindicación do noso fronte ao espallamento do castelán, unha lingua que polo seu volume de falantes (que non para de medrar) e polo que apoio que recibe dende medios de comunicacións e institucións de todo tipo (moi dadas ás expresións prefabricadas), conseguiu deixar nun segundo plano ás nosas expresións equivalentes, que con este Dicionario podemos poñer de novo en valor.

Komunikando.net abre tenda en liña

O selo-web galego Komunikando.net, especializado en apoiar e promover a nosa música nuns tempos, os actuais, en que mesmo semella estar mal visto promover e apoiar a nosa cultura, segue a teimar en novos xeitos de acadar os seus obxectivos: recordarlles ás administracións, aos medios de comunicación e á sociedade por enteiro que temos un rico patrimonio musical que vén de séculos e que periga por múltiples motivos. Nesta liña, e na de tirar proveito da Rede para alentar a creatividade e máis a difusión, é onde se insire a súa nova iniciativa: unha tenda propia de produtos en liña que xa podemos ver en tenda.komunikando.net.

Este establecemento dixital, como era de agardar, diríxese a financiar e a espallar a cultura galega en galego. Máis en detalle e segundo comentan os responsables do selo, os beneficios xerados irán destinados en boa medida *"para pagar os gastos da elaboraçom dos futuros programas de Non Saimos Do Lixo"*.

CDs e camisolas serán os produtos estrela, sendo o método de pato elixido o da transferencia bancaria. Polo que atinxe a *Non Saímos do Lixo*, lembrar que se trata dun programa de humor para o devandito portal de música en galego, programa que está dirixido por Denis Mutante, Marcos Paino e Roberto Grandal. Arestora, para facernos unha idea do interese xerado na nosa comunidade en liña por este programa, *Non Saímos do Lixo* conta con máis de 1.500 seareiras/os na rede social Facebook.

Foros.gl: novo espazo galego de debate

A fórmula das redes como canles para o debate social, lonxe de esmorecer, semella estar máis viva ca nunca. Se contabilizáramos as actividades de protesta e as mobilizacións levadas a cabo na nosa terra tendo o seu punto de partida na Internet, probablemente non remataríamos ao longo do día. Ás moitas reivindicacións culturais e lingüísticas, ecolóxicas ou políticas postas en marcha co apoio das redes, cómpre engadir as máis recentes das acampadas dos *Indignados*, tirando partido das redes sociais coma un dos principais sustentos da súa estratexia. Pois ben, cómpre salientar que o debate segue adiante: a todo o devandito engádese agora Foros.gl para botar máis leña ao lume á nosa arela de debater.

Máis polo miúdo, trátase dun novo proxecto en liña que xorde co obxectivo de crear un escenario galego, plenamente participativo, ao servizo de libre intercambio de ideas, de puntos de vista, de dúbidas e de inquietudes de toda índole. Os temas serán tan variados coma os propios do noso diálogo cotiá cos demais: lingua, medio ambiente, informática, política, etc.

Para facernos unha idea de en que consiste esta arela de establecer un convite a *"falar as cousas"*, sinalar que o xermolo da iniciativa é o mesmo doutros bos proxectos galegos de comunicación, previos e posteriores á chegada da Rede: unha conversa entre amigos nunha taberna. Desta volta, unha conversa arredor dun eixe temático claro, a ausencia na nosa Internet dun foro de debate onde se poida tratar en detalle calquera tema que nos afecte.

A inspiración do proxecto cómpre buscala en Irlanda, onde hai anos que teñen en marcha espazos desta índole como boards.ie, *"web de referencia para todos os irlandeses, na que diariamente participan milleiros de persoas"*, sinalan os responsables de Foros.gl. *"Estamos abertos a todo tipo de ideas e suxestións para mellorar os foros; podedes poñervos en contacto con nós a través do correo electrónico ou do noso grupo en facebook"*, engaden.

O e-Estraviz chega aos trebellos móbiles

O grupo de informática da a Associaçom Galega da Língua (AGAL) vén de desenvolver unha versión do dicionario e-Estraviz para trebellos móbiles. Esta versión para dispositivos, segundo informa o Portal Galego da Língua, xa está dispoñíbel na propia Internet e con web propia. A web en cuestión é m.estraviz.org. Esta *interface*, continúa, permite facer procuras empregando o modo de pesquisa simple, *"e apresenta un resumo das últimas palavras procuradas polos usuários"*.

A funcionalidade acáelle ben a sistemas operativos libres (fomentándose así a universalización e a adaptabilidade), máis polo miúdo a Android e iOS, para os que está especialmente deseñada. O obxectivo da equipa de informática de AGAL é ampliar o abano de posibilidades e vantaxes do dicionario e-Estraviz, unha referencia imprescindíbel na cada vez máis frecuente consulta lingüística a través da Rede. De feito, segundo os datos estáticos do propio dicionario, este contaba a comezos do verán con 126.319 entradas (preto de 400 máis ca en xaneiro deste mesmo ano) e máis de medio millón de definicións. A equipa, informa o Portal, continuará *"a trabalhar para aprimorá-la com novas funcionalidades e maior compatibilidade para outros dispositivos"*.

Melloramos o sector do transporte

As galegas Ayco e Pellejero dan a coñecer a experiencia de traballar cun sistema de xestión dixital no carretado de mercadorías

Ao longo dos seus máis de 14 anos de experiencia no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas á medida, foron moitos os clientes (máis de 900) que confiaron no bo facer da galega Ayco, unha das firmas punteiras do Estado na xestión de proxectos de I+D+i.

Unha das primeiras compañías do seu sector en incorporar tecnoloxía de Ayco foi Transportes Pellejero e Hijos, empresa con máis de 40 anos de experiencia no transporte de mercancías, que confiou no bolígrafo dixital Black Pen, un sistema de xestión de información da compañía, que permite dixitalizar e enviar en tempo real os albarás dos seus transportes, completando en poucos minutos procesos administrativos que antes, segundo indican, "levaban varias xornadas de traballo".

Deste xeito, dende que se cumprimenta o albará ata que se incorpora ao sistema de xestión da central apenas transcorren uns minutos, un proceso que sen o Plack Pen levaría varias xornadas de procesado e tramitación.

Os responsables da firma de transportes afirman ter apostado polo I+D "para reducir os procesos administrativos, axilizar a facturación e dispor de información en tempo real sobre o estado dos envíos", tarefas que a tecnoloxía que acaban de incorporar axiliza notablemente. Asemade, o bolígrafo dixital mellora a xestión da información, evita a perda de datos, axiliza o proceso de facturación e establece un control en tempo real do estado dos envíos, algo que o xefe de Tráfico de Transportes Pellejero e Hijos, Diego Pellejero, salienta como moi favorable.

"Antes de empregar este sistema, dúas persoas tiñan que desprazarse a diario ata os diferentes puntos de descanso dos nosos camións para recoller en man os albarás da xornada e unha vez na oficina investir varias horas introducindo os datos de tódolos albarás no noso sistema de xestión", indica Pellejero; "coa tecnoloxía Black Pen, este proceso automatízase, e se antes se demoraba durante varias xornadas de traballo, agora pode durar tan só uns minutos", afirma.

Outra das novidades en innovación incorporadas por Transportes Pellejero e Hijos é a instalación (en tódolos seus vehículos dedicados ao transporte de mercancías xerais) dunha impresora térmica conectada a un dispositivo Blackberry, que lle permite ao transportista levar consigo un documento de control con información relevante sobre o transporte (data e lugar de carga, destino, tipo de mercancía, identificación do cliente...).

Coa incorporación desta tecnoloxía, a empresa pode garantir en todo momento que cada transporte realizado vai acompañado do documento de control, e que a información que nel se recolle é correcta, cumprindo así coa lexislación vixente.

TREBELLOS TECNOLÓXICOS



Os discos duros reforzados de LaCie, tamén en tamaño portátil

Para os usuarios máis viaxeiros LaCie hai tempo que ten discos duros portátiles reforzados para soportar golpes e caídas, e para mellorar a súa portabilidade chega agora o modelo LaCie Rugged Mini, cunhas medidas de 86 x 135 x 19 milímetros, un peso de 240 gramos e conectividade USB 3.0 (compatible con USB 2.0). Esta unidade é resistente a golpes (soportando caídas dunha altura de ata 1,2 metros), á choiva e á presión (ata 1 tonelada), pode protexerse con contrasinal (con cifrado AES de 256 bits, compatible tanto con Mac OS coma con Windows), e está dispoñible en capacidades de 500 Gb e 1 Tb por 109,90 e 159,90 euros respectivamente (en breve estará dispoñible unha versión da unidade de 500 Gb que por 10 euros adicionais pasar dunha velocidade de 5.400 rpm a 7.200 rpm).

Esta unidade tamén inclúe software para facilitar a realización de copias de seguridade e de almacenamento seguro na Internet en Wuala (servizo que ofrece 10 Gb de almacenamento de balde durante un ano).

A gravadora Zoom H2n integra 5 micrófonos

As gravadoras Zoom veñen de dar un importante salto cara adiante coa nova H2n, que integra cinco micrófonos con calidade de estudio, o que facilita multitude de modos de gravación (4 canles, 2 canles, estéreo de 90 graos e MS estéreo, ou sexa, que permitiría recoller o son fronte ao micrófono cunha apertura axustable de entre 30 e 150 graos). A gravadora Zoom H2n conta cunha pantalla LCD de 1,8 polgadas, un altofalante e unha roda de control de ganancia; funciona ata 20 horas seguidas con 2 pilas AA, grava (tanto en WAV como en MP3) en tarxetas SDHC de ata 32 Gb, ten conectividade USB 2.0 para facilitar a copia dos ficheiros gravados ao ordenador (ou para utilizar o dispositivo como un micrófono USB), conta con entrada e saída de liña e toma para un mando a distancia por cable (incluíndo nun paquete de accesorios no que tamén hai un mini-trípode, un paraventos, unha funda de transporte e distintos cables).

Entre as funcións desta gravadora está a aplicación de filtros de paso baixo, compresor/limitador, ganancia automática, metrónomo, división de ficheiros e normalización de volume entre outras. Tamén conta cunha función de recuperación de datos para evitar erros de gravación inesperados.

Véndese con 2 pilas AA, unha tarxeta de memoria de 2 Gb e a aplicación informática Steinberg WaveLab LE 7.

Tablet de Lenovo con pantalla de 10,1" e Android 3.1

Lenovo fai oficial o seu novo tablet con Android 3.1, o IdeaPad Tablet K1, un dispositivo con pantalla de 10,1 polgadas cunha resolución de 1.280 x 800 píxeles, procesador nVIDIA Tegra T20 a 1 GHz, ata 1 Gb de RAM, ata 64 Gb de almacenamento SSD, Bluetooth, Wi-Fi N, lector de tarxetas microSD, saída mini HDMI, porto para unha base de conexión, cámaras de 2 e 5 Mpíxeles e máis de 30 aplicacións de balde precargadas (entre os que non faltan xogo como *Angry Birds HD*, *Need for Speed: Shift* e *Galaxy on Fire 2 THD*, o reprodutor musical na nube *mSpot*, a aplicación de *Netflix*, distintas aplicacións de ArcSoft, lectores de e-books e mesmo unha solución de seguridade de Norton).

Este tablet é capaz de reproducir vídeo en alta definición a 1.080p, facilita o acceso ás redes sociais a través da exclusiva aplicación *SocialTouch*, conta con videoconferencia e integra 2 Gb de almacenamento na nube para fotografías, vídeos e ficheiros. Pretende ser aí un dispositivo tan válido para o lecer como para un uso profesional, e chegará ao mercado norteamericano en agosto (ao resto do mundo chegará antes de rematar setembro) a un prezo de 479 dólares (399 euros no noso mercado) nun modelo con 16 Gb de capacidade, estando tamén dispoñible outro de 32 Gb cun lapis dixitalizador por 589 dólares. Tamén será posible adquirir unha funda de transporte con teclado por 99 dólares.

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

Griffin converte o iPad nun caderno para colorear

Griffin Technologiy chegou a un acordo con Crayola (compañía popular pola comercialización de ceras, lápises de cores e diversos utensilios artísticos principalmente orientados a cativos) para comercializar o *Crayola ColorStudio HD*, a combinación dunha stylus dixital *iMarker* e unha aplicación para iPad que serven para replicar a experiencia dos cadernos para colorear na pantalla do tablet de Apple, vendéndose esta curiosa solución por 29,99 dólares (uns 21 euros).

Co *ColorStudio HD* os rapaces pode realizar ilustración, colorear debuxos, realizar animacións e facer uso de efectos especiais (incluíndo efectos de son e música). Co *iMarker* pode debuxarse na pantalla capacitiva do iPad, facilitando enormemente o uso deste tipo de solucións, e destacando o feito de que os contidos producidos coa aplicación poden compartirse co mundo a través de correo electrónico ou de Facebook.

A aplicación inclúe máis de 30 páxinas para colorear, permite que creemos as nosas páxinas para colorear e facilita o seu uso como ferramenta de debuxo.

A Xbox 360 terá unha edición especial de Star Wars

Cando o ano pasado presentouse Kinect para Xbox 360 durante a feira E3, adiantouse que estaban a preparar un videoxogo de Star Wars para o sensor de movementos de Microsoft, e vese que a compañía de Redmond non quere comercializalo so, senón que vai aproveitar o lanzamento do xogo *Kinect Star Wars* para vender unha edición limitada da Xbox 360 que ten unha aparencia inspirada no robot R2-D2 e que inclúe un mando sen fíos dourado que lembra ao androide C3PO. O paquete tamén incluirá un sensor Kinect de cor branca (o modelo ordinario é negro) e o xogo mencionado e unha copia de *Kinect Adventures*.

A Xbox 360 incluída neste paquete vén cun disco duro de 320 Gb, inclúe sons especiais de acendido e apertura de bandexa, sairá a finais de ano, e o seu prezo nos EE.UU. será de 449,99 dólares (polo que en España debería de custar uns 389,99 euros).

Apple renova os MacBook Air e Mac Mini

Aproveitando o lanzamento do Mac OS X Lion, Apple renovou parte dos seus equipos, sendo especialmente rechamante o cambio dos seus portátiles, de xeito que MacBook Air está dispoñible agora con procesadores Intel Core i5 de dobre núcleo (con opción de i7), con 2/4 Gb de RAM, 64-256 Gb de almacenamento SSD, gráfica Intel HD Graphics 3000 e un prezo de entre 949 e 1499 euros nas súas configuracións de referencia, o que tivo como principal consecuencia a desaparición do catálogo de Apple do MacBook branco, que carecía de sentido agora que o MacBook Air o superaba en prestacións e parte dun prezo máis reducido.

A saída de catálogo do MacBook podería resultar interesante para os usuarios que queiran facerse cun a un prezo atractivo, pois é de agardar que nos vindeiros días poida atoparse en liquidación en distintos establecementos.

Tamén se actualizan os Mac Mini, que tamén integran procesadores Intel Core i5 a 2,3/2,5 GHz e Core i7 a 2,7 GHz, 2/4 Gb de RAM, conexión Thunderbolt, compatibilidade con Mini DisplayPort (que permite enchufar ata 6 dispositivos en serie), gráfica Intel HD Graphics 3000 ou AMD Raden HD con 256 Mb de memoria, dende 500 Gb de disco duro a 5.400 rpm (ampliable a 72.000 rpm ou a unidade SSD de 256 Gb), Gigabit Ethernet, Firewire 800, HDMI, lector de tarxetas SDXC, 4 portos USB 2.0, Wi-Fi N, Bluetooth 4.0 e a notable ausencia de unidade óptica. Os seus prezos de referencia son de 599 e 799 euros, e tamén conta cunha versión Server cunha configuración bastante potente por 999 euros.

Código QR

Trailer co Pingüín e Solomon Grundy

BATMAN: ARKHAM CITY

Confirman novos personaxes

Marcus Fernández

Co gallo da Comic-Con de San Diego, moitas son as novidades do mundo do cine e os videoxogos que se dan a coñecer, especialmente se están ligadas á novena arte, de aí que non sorprenda que a xente de Rocksteady aproveitou para estrear un trailer de Batman: Arkham City no que se confirman dous novos personaxes que se unen a Dúas Caras, o Joker, Harley Quinn, Riddler e Catwoman, dos que un é o xa avanzado Pingüín, e o outro foi toda unha sorpresa para os seareiros do Universo DC, xa que trátase de Solomon Grundy, que promete ser todo un reto físico para o home morcego. Pero as novidades non quedan aí, senón que tamén se informou de que a actriz Stana Katic (coñecida polo papel da detective Kate Beckett na serie televisiva Castle) encargarase de pór voz ao personaxe de Talia al Ghul (filla de Ra's al Ghul e nai do fillo Batman) o que engadiría certo interese ao xogo, por ser unha figura que ten xogado distintos papeis na vida do cabaleiro nocturno (alternando enfrontamentos con colaboracións).

EL PRIMER TEMPLARIO

A busca do Santo Grial da man de FX Interactive

FX Interactive trae a España o xogo *El Primer Templario*, un proxecto dos estudos Haemomont Games (responsables de Tzar, Imperivm e Tropico 3) que mestura acción, aventura e rol no papel dun cabaleiro templario que deberá enfrontarse a múltiples inimigos a través de 20 escenarios históricos fielmente recreados (como a illa de Chipre, a fortaleza de Acre, ou o templo de La Rochelle) descubrindo tesouros ocultos, permitindo evolucionar ao personaxe protagonista e mesmo facilitando a incorporación de amigos a unha partida tirando proveito de Facebook, para así emprender a busca do Santo Grial nunha campaña cooperativa.

Como vén sendo marca da casa, o xogo entrégase completamente traducido ao español, con manual a cor, acceso a trucos para conseguir a vitoria e atención ao cliente incluíndo pistas por teléfono por só 19,95 euros. Amais tamén contará cun contido descargable de balde chamado La Arena que engade unha nova misión que consiste en sobrevivir ao cativerio nos alxubes de El Bizantino, onde se organizan loitas de gladiadores e de onde hai que procurar fuxir.

O xogo funciona en ordenadores con Windows XP/Vista/7 cun mínimo dun procesador de dobre núcleo a 2 GHz, 2 Gb de RAM, 4,52 Gb de disco duro libre e unha gráfica con 256 Mbytes de memoria.



ANIMA: ARK OF SINNERS

Novo xogo español que trunfa na Wii

Código QR

Trailer de ANIMA Ark of Sinners

Marcus Fernández

Nas últimas semanas incorporouse a WiiWare o xogo *ANIMA Ark of Sinners*, aventura de plataformas e acción que pode adquirirse por 1.000 Wii Points e desenvólvese en Arca, un mundo con máis de 21 seccións interconectadas que ofrecen máis de 8 horas de xogo nas que superar a 12 tipos de inimigos e a 4 xogos finais diferentes con infinidade de técnicas de combate (múltiples combos e ataques especiais). A historia de Arca pode coñecerse a través dos relatos e escenas debuxadas polo artista Wen Yu Li. Pero o máis sorprendente deste xogo descargable para Wii é que é obra de Anima Game Studio, un equipo de desenvolvemento sito en Valencia e que conseguiu a autorización de Nintendo, Microsoft e Sony para realizar videoxogos para os seus sistemas, o que é un sinal do seu bo facer. *ANIMA Ark of Sinners* desenvólvese dentro do mundo da saga de xogos de rol Anima: Beyond Fantasy (o que contribúe a un deseño artístico excelente) e cunha mecánica de xogo propia dos xogos 2D dos anos 90 (bebendo de títulos como Castlevania e Super Metroid). A protagonista deste xogo é a atractiva Celia, que parece ser un dos detalles máis traballados deste título que xa lidera as vendas de WiiWare en España.

TORCHLIGHT

O xogo descargable supera o millón de copias vendidas

Recuperando o espírito de *Diablo*, Runic Games lanzou o RPG de acción *Torchlight*, inicialmente para Windows, e posteriormente para Mac OS X e Xbox 360 (esta última versión hai só 4 meses), cunha boa acollida entre os seareiros do xénero, o que vén de demostrar o feito de que superasen a barreira do millón de unidades vendidas, algo sumamente difícil para un pequeno estudo.

O presidente de Runic Games, Travis Baldree, asegura que están «moi emocionados de compartir este éxito de *Torchlight* con todos os nosos seguidores e colaboradores. Foi unha longa viaxe e non podemos agardar a dar máis do que queren en *Torchlight II*». A secuela de *Torchlight* sairá á venda este mesmo ano na súa versión para PC nunha data sen determinar.

HP SOFTWARE

TRANSFORME

su rendimiento de TI
con HP IT Performance Suite



Para más información:

info.hpsoftware.es@hp.com

hp.com/go/software

+ info: www.xunta.es | Tfno: 012

HOXE É O NOSO DÍA

O día da nosa xente, da nosa cultura, lingua, natureza, historia, gastronomía... de todas aquelas cousas que nos fan sentir orgullosos da terra onde nacimos, da terra onde vivimos.

25 de Xullo, Día de Galicia

XUNTA DE GALICIA

galicia